



www.shutterstock.com · 471936947

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL. CEIP FLAVIA. CURSO 2019-2020: TRABALLANDO POLO ÉXITO ESCOLAR E PERSOAL.

---

## Contido

0. PRINCIPIOS BÁSICOS DE REFERENCIA DA PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL.....	4
1. DE ONDE PARTIMOS.....	4
2. OBXECTIVOS .....	8
2.1- Obxectivos propostos para este curso a nivel centro .....	8
2.2- Medidas a desenvolver para a súa consecución.....	9
2.3 Pautas ou criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares.....	10
2.4- Recursos previstos para o efecto .....	11
3. OBXECTIVOS DO EQUIPO DIRECTIVO .....	12
4. AS DIFERENTES ETAPAS QUE SE IMPARTEN. FINALIDADE E OBXECTIVOS .....	12
4.1- Educación Infantil.....	12
4.1.1 PERIODO DE ADAPTACIÓN .....	14
4.2- Educación primaria: .....	14
4.3. A FAMILIA .....	16
5. PLAN ANUAL DE LECTURA .....	17
5.1. Liñas prioritarias de actuación na biblioteca escolar para o curso 2019-2020.....	17
5.1.2 En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.....	18
5.1.3 En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional. Utilizaremos o tema <i>proposto</i> para potenciar a curiosidade de saber dos nenos, a través de documentos escritos, vídeos, documentos da web. Utilización de actividades que lles fagan aprender xogando para saciar a súa curiosidade natural e innata. ....	20
5.2 Obxectivos .....	20
5.3. Criterios e procedementos de avaliación Dirixidos á adquisición das competencias e á compensación de desigualdades e tratamento da diversidade. Establécense os seguintes:.....	21
5.4 HORARIO DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR.....	22
5.4.1 Integrantes da biblioteca escolar: .....	22
5.4.2 Número de sesión para dinamizar a biblioteca escolar. ....	22
5.4.3 Horario de adicación á dinamización da biblioteca.....	23
5.5. Actividades previstas para desenvolver ao longo deste curso escolar .....	24
6. PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.....	25
6.1. Introducción.....	25
6.2. Obxectivos .....	25
6.3. Actividades xerais e relación cos obxectivos.....	28
6.3 Actividades relacionadas cos obxectivos propostos .....	29

7. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN .....	30
8. AULA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA .....	59
9. AULA DE AUDICIÓN E LINGUAXE .....	64
10. FORMACIÓN DO PROFESORADO.....	66
11. DOCUMENTOS DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO.....	66
11.1 Órganos unipersoais.....	66
11.2. Órganos colexiados .....	66
11.4 Equipos.....	69
11.5 Outros.....	71
12. ATENCIÓN AO TEMPO DE RECREO .....	71
13. HORARIOS.....	71
13.1 Horarios de recreo.....	72
13.2 Do profesorado .....	72
13.3 Equipo directivo. Atención ás familias .....	72
13.4 Horario do alumnado .....	73
13.5 Dos martes pola tarde .....	73
14. DÍA NON LECTIVOS .....	73
15. CALENDARIO DE AVALIACIÓN .....	74
16. COMISIÓN DE AVALIACIÓN DE 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA .....	74
17. RESULTADO DA AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA DE 3º CURSO 2018-2019.....	74
18. PLANS E PROXECTOS DO CENTRO PARA O CURSO 2019-2020 .....	74
19. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES. ....	75
20. PLAN DE ORGANIZACIÓN DO PERSOAL NON DOCENTE.....	75
20.1 O Conserxe. ....	75
b) Coidadora.....	76
c) Persoal limpeza.....	76
d) Persoal de cociña .....	77
21. COMEDOR ESCOLAR.....	77
21.1 Regulamento e funcionamento:.....	77
21.2 Normas xerais de funcionamento do comedor.....	78
21.3 Normas de convivencia do comedor.....	79
22. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO:.....	82
22.1. Mellora das instalacións.....	82
23. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO .....	82
24. LIBROS DE TEXTO E OUTROS MATERIAIS CURRICULARES CURSO 2019-2020 .....	84

25 .PLAN DE POTENCIACIÓN FAMILIA-ESCOLA .....	91
26.PLAN ANUAL DE TRANSPORTE ESCOLAR .....	91
27.PLAN DE CONVIVENCIA .....	91
28. CRITERIOS DE PROMOCIÓN ALUMNADO DE PRIMARIA .....	95
a) Promoción do alumnado:.....	95
b) Mención honorífica na Educación Primaria: .....	96
29. ACTIVIDADES DA ANPA .....	96
PLAN DE IGUALDADE.....	98
30. AVALIACIÓN DA PXA.....	118

## 0. PRINCIPIOS BÁSICOS DE REFERENCIA DA PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

A educación entendémola, dunha maneira global, como o desenvolvemento da personalidade humana, debendo ser a actividade escolar un medio para acadala. Toda a actividade do Centro estará presidida polo respecto ós dereitos individuais, baseada na tolerancia e principios



democráticos de convivencia, fomentando a solidariedade, a cooperación, a paz,... Fomentaremos o respecto polas persoas, pola natureza e polas cousas, así como a colaboración e as actitudes non discriminatorias así como a responsabilidade.

Fomentarase a participación activa da Comunidade Escolar na xestión do centro, de acordo coas disposicións vixentes.

Son principios irrenunciáveis a liberdade de conciencia de alumnas e alumnos e profesorado así como o respecto pola súa integración e dignidade persoal. A contorna do Colexio e as particularidades socioculturais e lingüísticas de Galicia serán de obrigada referencia en todos os actos e programacións deste Centro. No traballo diario e no desenvolvemento das actividades terase en conta o Proxecto Educativo, elaborado por todos os estamentos da Comunidade Educativa.

Estes principios son a base no que se sustenta todo que se vai desenvolver, a través da seguinte Programación Xeral Anual.

### 1. DE ONDE PARTIMOS.

Partimos para elaborar a programación xeral anual das **propostas de mellora da memoria final do curso 2018-2019**, onde se puña de manifesto, que o profesorado do centro está observando que o alumnado falla principalmente na competencia lingüística, matemática ciencia e tecnoloxía.

Os factores que inflúen nestes resultados:

- Nivel no que o alumnado acada os primeiros niveis de primaria polo que é preciso revisar os mínimos e as porcentaxes dos diferentes perfís competenciais así como a metodoloxía.
- Nivel lector, o alumnado precisa ter tempo de lectura fóra do horario escolar.
- Falta de hábitos de estudo na casa.
- Falta de implicación dalgunhas familias no eido académico.
- Falta de materiais do alumnado ao longo do curso, o que indica pouca responsabilidade ben polo coidado do mesmo ou ben pola pouca importancia que desde a casa se lle da ao académico.

- Falla de atención sostida na tarefa ou de atención a unha explicación ou orde.
- En canto ás medidas de atención a diversidade as conclusións que se extraen son:

Hai alumnado que recibe medidas de carácter extraordinario que non obtén os resultados acadados por:

- Pouca constancia no traballo.
- Familias pouco colaboradoras coa parte académica do alumnado.
- Falla de hábito de traballo na casa.

Polo que este curso imos facer maior fincapé nalgúns aspectos concretos da LOMCE e nos decretos que a desenvolven tal e como podemos ver na figura 1, 2, e 3 para as etapas de Educación Infantil e Primaria.




Figura 1. Fonte de elaboración propia.





Figura 2. Fonte de elaboración propia.

**Autonomía persoal.** á adquisición da conciencia e aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais interrelacionadas como a responsabilidade, a perseveranza, o autoconhecimento e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos e de afrontar os problemas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir riscos, de elixir con criterio propio, de propoñer proxectos e de levar adiante as accións necesarias para desenvolver as opcións e plans persoais -no marco de proxectos individuais ou colectivos- responsabilizándose deles tanto no ámbito persoal, como no social e no laboral.

**Aprender a aprender:** potenciación da comprensión e da expresión lingüística, da memoria, da motivación, da observación, dos rexistros das aprendizaxes, do traballo cooperativo e por proxectos, da resolución de problemas, posibilitando por parte dos nenos e nenas a planificación e organización da tarefa que se vai realizar, a selección e o tratamento da información a través dos diferentes recursos tecnolóxicos

Contribuírase á mellora da competencia lingüística desde a educación infantil fomentando a participación, respectando a diversidade de respostas e ofrecendo un clima no que se anime a ler, escribir e conversar.

Contribuírase, polo tanto, á adquisición da competencia interacción co mundo desde educación infantil iniciando o alumnado no pensamento científico, potenciando habilidades de investigación: formular hipóteses, recoñecer evidencias, observar, formular interrogantes, descubrir alternativas, verificar, predicir, xerar novas ideas e solucións ...

**Competencia matemática.** é preciso que se propoñan situacións nas cales sexa necesario resolver problemas reais, para o cal se recorrerá ao tratamento da información e ao uso dos recursos tecnolóxicos dispoñibles.

**Competencia cultural e artística** cando estea aberto ás diferentes manifestacións culturais e artísticas, converténdose nun espazo en que se aprecie e goce coa arte e coas manifestacións culturais, onde se potencie o emprego dalgúns recursos da expresión artística para realizar creacións propias

Así, desde a educación infantil desenvolvemento da competencia social e cívica traballando as habilidades sociais que permiten mediar nos conflitos de convivencia, axudan a resolvelos con actitude construtiva e a tomar decisións con autonomía

**Competencia matemática na educación infantil** na medida en que os elementos e razoamentos matemáticos sexan empregados para enfrontarse ás situacións cotiás e reais que o precisen

Figura 3. Fonte de elaboración propia.




Figura 4. Fonte de elaboración propia.

Polo tanto, neste curso 2019-2020, imos centrar a nosa actividade no desenvolvemento das capacidades do noso alumnado coa finalidade de mellorar o aspecto curricular do mesmo. Somos conscientes da nosa realidade e do noso contexto e tamén cremos que a melloría coa implicación de toda a comunidade educativa é posible.

Precisamos reflexionar sobre a metodoloxía, sobre as dificultades coas que nos atopamos e coas dificultades que non nos permiten acadar os resultados. E tomar decisións sobre cal vai ser a nosa dirección.

**Para iso a coordinación entre todos e todas é importante, a revisión das porcentaxes dos diferentes perfís competenciais, os mínimos esixibles para cada ciclo e nivel e a importancia do papel colaborador deste proceso do apoio das familias como parte do proceso de ensinanza-aprendizaxe dos seus fillos e fillas.**

A observación de que cada vez a autonomía persoal dos nenos e nenas que acoden ao centro é menor, a sobreestimulación e a sobreprotección, a falla de responsabilidade e de hábito de traballo así como de habilidades están facendo que cada vez o nivel competencial do noso alumnado baixe. É momento de que cada quen desde o seu lugar traballe para poder garantir o éxito escolar.

Como docentes poñemos a disposición da comunidade as seguintes ferramentas:





Figura 5. Fonte de elaboración propia.

## 2. OBXECTIVOS

### 2.1- Obxectivos propostos para este curso a nivel centro.

- ✓ Realizar a revisión e actualización do Proxecto Educativo.
- ✓ Fomentar valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grado de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e o fomento da igualdade entre homes y mulleres
- ✓ Lograr unha serie de hábitos indispensables para mellorar as habilidades sociais como: compañeirismo, respecto, puntualidade, orde, hixiene ...
- ✓ Mellorar a Competencias en Ciencias e Tecnoloxía do noso alumnado.
- ✓ Integrar e cohesionar as propostas das distintas actividades dos equipos.
- ✓ Continuar coa mellora da biblioteca logo da súa inclusión no PLAMBE e o desenvolvemento de actividades de fomento á lectura, traballo de investigación, de relación con outras bibliotecas, exposicións temáticas ...
- ✓ Continuar na configuración mellora e potenciación da páxina Web do Centro.

- ✓ Fomentar e promover a formación permanente do profesorado .
- ✓ Seguir coas melloraras nas instalacións, dotación de material e equipamentos do Centro, atendendo as súas necesidades e establecendo relacións co Concello e Administracións.
- ✓ Colaboración de todos os estamentos do Centro.
- ✓ Reflexionar sobre o proceso de ensinanza-aprendizaxe (metodoloxía) .
- ✓ Tomar acordos referidos a coordinación vertical.
- ✓ Observar as dificultades coas que nos atopamos e a procura de solucións entre todos e todas.
- ✓ Seguir traballando na procura de que o noso centro sexa referente de bo clima de traballo e convivencia.
- ✓ Fomentar a resolución pacífica de conflitos a integración no centro do Programa Educación Responsable iranos dotando de ferramentas para o traballo das emocións co alumnado polo que confiamos en que se reduzan tamén os conflitos.
- ✓ Maior visibilidade do traballo realizado sobre os temas transversais.
- ✓ Participación, dentro do posible, nas actividades a desenvolver no noso Concello.
- ✓ Buscar solucións para os problemas que xurdan durante o curso.
- ✓ Mellorar os apoios nas aulas con alumnos/as con necesidades educativas específicas de apoio educativo.
- ✓ Continuar na medida do posible cos Encontros coas familias.
- ✓ Fomentar bos hábitos de comida saudable e de coidado da contorna.

## 2.2- Medidas a desenvolver para a súa consecución

As medidas que se levarán a cabo serán as seguintes:

- Realizar a revisión e actualización do Proxecto Educativo.
- Daremos especial importancia aos acordos tomados na CCP.
- Ter un espazo adicado ás familias, solicitar a súa colaboración en diferentes actividades e integrar as súas propostas na medida do posible.
- Facer unha xestión por consenso e racional dos recursos económicos do Centro.
- Fomentar o diálogo entre todo os sectores colexiais.
- Informar ás familias da marcha docente dos seus fillos/as.

- Aproveitamento das instalacións do Centro en todos os ámbitos.
- Buscar solucións axeitadas para os problemas que xurdan durante o curso.
- Apoiar ás aulas con alumnos/as con necesidades educativas especiais.
- Realización de visitas culturais e recreativas que complementen as ensinanzas recibidas nas Aulas.
- Fomentar o uso das TIC. Continuar na configuración mellora e potenciación da páxina Web do Centro e o traballo nas aulas coas novas tecnoloxías.
- Uso da Biblioteca escolar, participando no Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares.
- Solicitud de contrato- programa: Plan de convivencia escolar.
- Dentro das distintas áreas fomentárase a adquisición de hábitos saudables a través do programa “ Aliméntate ben “ de reparto de froitas e lácteos, solicitado ao Fogga. Así como tamén hábitos de hixiene, sobre todo na área de Educación Física e na etapa de Educación Infantil
- Proposta de actividades nos distintos equipos e mesmo nas programacións didácticas que permitan desenvolver hábitos democráticos, de respecto e de cooperación entre os distintos membros da Comunidade Escolar como por exemplo: Participación en diversas charlas e xornadas divulgativas.
- Solicitar a colaboración de diferentes institucións e empresas para desenvolver os nosos proxectos.

### 2.3 Pautas ou criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares.

O profesor titor terá en conta os seguintes criterios á hora de programar tarefas extraescolares dentro do marco do Decreto 105/2014, disposición adicional 3ª.

A actual lei educativa enmarca accións educativas como saber, saber facer, saber ser. Dentro da mesma normativa contémpanse dúas competencias clave relacionadas coas tarefas extraescolares. Competencia para aprender a aprender, aprender a ser cada vez mais eficaz e autónomo e competencia en autonomía e iniciativa persoal, aprender a ter criterio propio e a escoller accións para desenvolver opcións e plans responsabilizándose deles .

Esta responsabilidade axuda ao neno a cultivar éxitos, cada vez con mais frecuencia e a tomar decisións cada vez mais acertadas.

Desde esta perspectiva, o Centro e as titorías en particular pretenderán fomentar o hábito de traballo responsable encamiñado a reforzar os coñecementos e aprendizaxes adquiridas.

A familia é peza clave neste papel, posto que a preparación do alumnado para a vida vai depender da responsabilidade e compromiso dos pais ou titores legais cos seus fillos.

Os criterios á hora de establecer tarefas extraescolares van a estar supeditadas ao que podemos entender por estas: complementarias , de reforzo e tamén coas que se pretende que o alumno/a complete o traballo de aula. En calquera caso estarán sempre recollidas no currículo.

Á hora de aplicalas terase presente:

- ✓ O mestre ou mestra terá en conta á hora de establecer tarefas extraescolares ó ritmo de aprendizaxe do alumno , a súa capacidade de traballo e as súas necesidades.
- ✓ Establecer unha coordinación co profesorado que imparte docencia na aula.

#### 2.4- Recursos previstos para o efecto

##### **Recursos persoais:**

- Claustro de profesores e os respectivos equipos docentes.
- Departamento de orientación.
- Conserxe.
- Persoal de cociña.
- Persoal de limpeza.

##### **Recursos materiais:**

- Ingresos dos fondos da Consellería de Educación e O.U
- Aproveitamento das instalacións do Centro.
- Uso dos medios didácticos dispoñibles.
- Utilización dos medios audiovisuais e informáticos.
- Financiamento por parte da Consellería de Educación do Comedor e Transporte Escolar.
- Orzamento dos contratos programa solicitados.

##### **Outros recursos:**

- Concello.
- Asociacións.
- Outros organismos.



### 3. OBXECTIVOS DO EQUIPO DIRECTIVO

- ✚ Manter informada á comunidade educativa da normativa vixente.
- ✚ Elaborar o Plan de Igualdade.
- ✚ Fomentar o bo clima de convivencia no centro.
- ✚ Resolver posibles problemas que xurdan ao longo do curso.
- ✚ Dotar na medida das posibilidades do profesorado para o apoio ao alumnado con dificultades de aprendizaxe ou necesidades educativas específicas de apoio educativo.
- ✚ Dar a coñecer o Proxecto Educativo do centro.
- ✚ Elaborar un Plan de acollida para o profesorado.
- ✚ Cumprir e facer cumprir o regulamento de réxime interno, así como a normativa que se aplica aos CEIP.
- ✚ Establecer canles de comunicación entre familia e escola.
- ✚ Fomentar a formación do profesorado.
- ✚ Facer do colexio un lugar dinámico onde se introduzan novas metodoloxías que fagan do centro un lugar que está co que acontece, é dicir, para que non sexa algo que transcorre de xeito paralelo ao que hai fóra para iso realizarse a través do uso de novas ferramentas, da formación do profesorado e da incorporación de proxectos de innovación educativa.

### 4. AS DIFERENTES ETAPAS QUE SE IMPARTEN. FINALIDADE E OBXECTIVOS

#### 4.1- Educación Infantil

Na nosa práctica educativa partiremos dos obxectivos xerais propostos no Currículo de Educación Infantil.

O segundo ciclo da Educación Infantil contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social. Coñecer e apreciar algunhas das súas características e costumes e participar activamente, de forma gradual, en actividades sociais e culturais do contorno.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.

e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.

f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.

g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo

h) Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.

i) Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

No ciclo de Educación Infantil neste curso 2019-2020 están escolarizados un total de 67 alumnos/as:

- Aula de 3 anos con 24 nenos e nenas.

- Aula de 4 anos con 21 nenos e nenas.

- Aula de 5 anos con 22 nenos e nenas.

Maioritariamente son castelán falantes, por tanto, a lingua vehicular na clase será o castelán (Instrución do 31 de xullo do 2013), pero tamén teremos en conta a lingua do contorno e procuraremos que os nosos alumnos/as adquiren de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua cooficial de Galicia, o galego, dentro dos límites propios correspondentes á etapa. Tendo en conta para isto as actividades e estratexias planificadas no Proxecto Lingüístico do Centro. E atendendo de forma individualizada aos casos de fala galega. Todo iso segundo o Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüístico no ensino non universitario de Galicia.

A maioría dos alumnos asisten a clases de relixión católica que se regula segundo o Decreto 235/1995 do 20 de xullo, para os ensinos de réxime xeral na Comunidade Autónoma de Galicia. Quédanse a mestra de apoio cos casos que van a atención educativa .

En relación o profesorado, este ano o ciclo de Educación infantil está composto por:

- Olalla Mallo Serrano: Titora da aula de 3 anos

- M<sup>a</sup> Isabel Oliveira Ruzo: Titora da aula de 4 anos

- María Teresa Lourido Míguez: Titora da aula de 5 anos.

-Silvia Sanmartín Castro Mestra de Infantil. Este ano leva a cabo a función de apoio e impartirá a Psicomotricidade, a Atención Educativa ,neste intre substitúe Estefanía Puente Espiña.

- Nuria de León Vilorio: Mestra especialista en Educación Musical.

- Rafael Mosteiro Zapata: Mestre especialista en Relixión.

- Alexandra Carracedo Hermida: Mestra especialista en Lingua Inglesa.

#### 4.1.1 PERIODO DE ADAPTACIÓN

Mantívose unha reunión inicial para explicar o proceso do período de adaptación e levouse a cabo seguindo as directrices marcadas no calendario escolar.

#### **Orde do 20 de xuño de 2019 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2019/20 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.**

O período de adaptación do alumnado de educación infantil que se incorpora por primeira vez ao centro, a que se refiren o punto 1.8 do capítulo VI do anexo á Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos organizativos e de funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios rurais agrupados, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, o punto 53 das instrucións que regulan a organización e o funcionamento dos centros públicos integrados, aprobadas pola Orde do 3 de outubro de 2000, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias, e o artigo 3 da Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, terá a mínima duración posible que permita acadar os seus obxectivos e, en todo caso, non se poderá prolongar máis de 10 días lectivos desde a data de inicio das clases.

No caso de que algún alumno/a non fose quen de adaptarse no calendario establecido, adoptaranse as medidas necesarias para acadar unha adaptación plena e satisfactoria ao centro escolar.

A adaptación dos alumnos que se vaian incorporando ao longo do curso realizarase da cordo coas necesidades dos nenos e durará o menor tempo posible.

Tal e como se recolle no NOFC o alumnado que se incorpora ao centro en 4º de Educación Infantil deberá ter controlado os esfínteres agás aquel neno ou nena que por algún motivo tras o informe médico preciso necesite solicitar un ou unha coidadora.

Proposta do Equipo de Educación Infantil.

Traballar *por proxectos de elaboración propia*, para axustarse mellor as necesidades e intereses do alumnado.

#### 4.2- Educación primaria:

A finalidade da educación primaria é proporcionarlles a todos os nenos e nenas unha educación que permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar, adquirir as habilidades culturais básicas relativas á expresión e comprensión oral, á lectura, á escritura e ó cálculo, ó sentido artístico, á creatividade e á afectividade, así como a desenvolver habilidades sociais e hábitos de traballo. A acción educativa nesta etapa

procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e adaptarse aos seus ritmos de traballo. Os obxectivos da educación primaria estarán encamiñados ao logro da adquisición, por parte de todo o alumnado, das competencias, que permitan:

- ❖ Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia.
- ❖ Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e da responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmos, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- ❖ Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía.
- ❖ Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- ❖ Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega, a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- ❖ Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- ❖ Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaz de aplicalos a situacións da vida cotiá.
- ❖ Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado deste, con especial atención á singularidade de Galicia. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas.
- ❖ Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciba e elabora.
- ❖ Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.
- ❖ Valorar a hixiene e a saúde, aceptar e aprender a coidar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- ❖ Coñecer e valorar a flora e a fauna, en especial a presente en Galicia, e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.



- ❖ Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, o valor da corresponsabilidade no traballo doméstico e no coidado das outras persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- ❖ Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

#### 4.3. A FAMILIA

Terase a comezo de curso unha xuntanza cos pais/nais/titores dos alumnos e alumnas onde se abordarán temas como:

- ❖ Normas de funcionamento do centro.
- ❖ Información sobre nova lexislación (normativa de entradas e saídas do centro escolar).
- ❖ Criterios avaliación e de promoción do alumnado.
- ❖ Desenvolvemento do traballo na aula.
- ❖ Normas de convivencia.
- ❖ Este curso académico informouse as familias de cuarto, quinto e sexto da actividade a desenvolver sobre a Educación afectivo-sexual a cargo de Belén Montesa e o teatro Chévere.

<b>Reunións de pais/nais de inicio de curso</b>	
Martes 24 de setembro	De 16:00 a 16:45h EI De 16:45 a 17:45 1ºe 2º
Martes 1 de outubro	De 16:00 a 16:45h 3º e 4º De 16:45 a 17:45h 5º e 6º

Contarase ademais, cunha hora de tutoría á semana, para poder recibir ás familias para aclarar algunha dúbida ou para falar do avance escolar do alumno ou alumna, que será os **martes pola tarde de 16:45h a 17:45h**.

## 5. PLAN ANUAL DE LECTURA

Este curso temos como eixo e a **MULLER**.

1. Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e a non discriminación das persoas con discapacidade ou por outras razóns. **(d)**
2. Coñecer os fundamentos das ciencias naturais, ciencias sociais, xeografía, historia e cultura, con especial atención para as relacionadas e vencelladas á Galiza. **(h)**
3. Usar representacións e expresións artísticas e iniciar a construción de propostas visuais e audiovisuais. **(j)**
4. Fomentar a implicación das familias no desenvolvemento das actividades que se leven a cabo ao longo do curso no centro.
5. Fomentar o hábito lector e o gusto pola lectura levando a cabo actividades de dinamización.

### 5.1. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN NA BIBLIOTECA ESCOLAR PARA O CURSO 2019-2020

5.1.1 En relación coa organización e xestión. Levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- ✚ Elaboración do horario adaptado ás necesidades do centro tendo en conta as posibilidades do profesorado.
- ✚ Solicitar as bibliotecas creativas.
- ✚ Revisión do catálogo e toma de decisión sobre novas adquisicións, tendo en conta a opinión dos usuarios. Continuaremos coa caixa de suxestións “Pídelle teu libro EF” situada no Salón dos pasos perdidos, que tan boa acollida tivo durante os pasados cursos.
- ✚ Realización do expurgo segundo as instrucións recibidas a principio de curso.
- ✚ Seguir ao día coa catalogación.
- ✚ Preparación das mochilas viaxeiras.
- ✚ Redacción da memoria final, na que pretendemos que o Claustro apoie e participe na elaboración das propostas de mellora.
- ✚ Continuar coa formación de colaborades da biblioteca escolar .

- ✚ Apertura da biblioteca durante os recreos.
- ✚ Propoñer actividades relacionadas coa temática anual e coas distintas conmemoracións que teñen lugar ao longo do curso para levar a cabo na biblioteca.

5.1.2 En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.

- ✚ Segundo os niveis e en cada trimestre: traballarán diferentes soportes de busca de información, seleccionarán as ideas principais para incorporalas ás súas propias producións (traballarán todas as competencias, pero principalmente as competencias aprender a aprender, autonomía e iniciativa persoal, competencia lingüística e competencia social e cidadá).
- ✚ Mantemento e actualización do blog da biblioteca (<http://biblioceipflavia.blogspot.com>).
- ✚ Procura de estratexias para mellorar a competencia lectora (elaboración e distribución de fichas, xogos lectores ...)
- ✚ Continuación co taboleiro de información que se atopa no corredor de acceso á biblioteca que serve tamén á entrada e saída do alumnado.
- ✚ Fomentar a biblioteca como lugar para a realización de proxectos e investigacións sobre os centros de interese estudados.
- ✚ Realización de charlas sobre diferentes temas de interese para a comunidade educativa (perigos de internet e navegación segura, educación emocional ...).
- ✚ Obradoiros sobre busca de información na biblioteca, tanto nos andeis como en formato dixital (enciclopedias, libros, revistas, blogues, internet...).
- ✚ Utilización dos días conmemorativos para exposición de recursos propios da biblioteca nos recunchos dos que dispoñemos (recuncho de Ef, currunchos da luz, salón de pasos perdidos ...), ofrecendo ideas para que nas aulas se elaboren materiais propios, que unha vez rematados, serán expostos nos diferentes espazos.
- ✚ Apoio e posta en marcha das mochilas viaxeiras, tentando que sexan variadas e incluíndo diferentes soportes (libros, cd, dvd...).
- ✚ Volver a traer autores e contacontos, como actividades lúdicas e motivadoras para o alumnado.
- ✚ Continuar coa proposta “Lecturas de Ciencias” posiblemente implementándoa nun maior número de aulas.

- ✚ Ampliación do catálogo sobre educación emocional, proxecto que se está levando a cabo no centro dende hai varios anos, e que no pasado curso comezou implicar tamén ás familias.
- ✚ Apoio ás actividades desenvolvidas en distintas áreas e proxectos de aula (Arte urbano en plástica, Acrosport en educación física...).
- ✚ Apoio á compra de materiais para a realización de proxectos.
- ✚ Tentaremos ampliar o recuncho informático coa adquisición de novos aparellos electrónicos para que todos poidan acceder en iguais condicións aos recursos dixitais.
- ✚ Planificaremos tempos de uso do ordenador e de acceso a internet, priorizar o uso dos mesmos para a procura de información e realización de tarefas.
- ✚ Motivaremos a todos os alumnos, de xeito inclusivo, para que formen parte do equipo de voluntarios axudantes na biblioteca.
- ✚ Facilitar a lectura nas casas a través das mochilas viaxeiras e dos préstamos para que todos poidan ter acceso á lectura.
- ✚ Ampliar o catálogo con materiais que engloben a diversidade coa que nos podemos atopar na nosa práctica docente(igualdade, bullying, dislexia, autismo ...).
- ✚ Buscar especialistas que poidan dar charlas sobre diversos asuntos de grande interese na sociedade actual como son a coeducación, roles de xénero.
- ✚ Fomentaremos a participación do alumnado no blog da biblioteca, onde sempre lles responde Ef (a mascota) e onde tentamos que aparezan os traballos feitos por eles.
- ✚ Fomentaremos a busca de información e o emprego de materiais interactivos nas aulas.
- ✚ Aumentaremos o catálogo audiovisual do que dispoñemos buscando a súa actualización e adecuación aos diferentes niveis educativos atendidos. Novamente, teremos en conta a opinión do alumnado.
- ✚ Exposición de novas adquisicións no moble de novidades, situado na entrada da biblioteca nun lugar moi visible.
- ✚ Exposicións de diversos materiais elaborados tanto polos equipos de traballo dos mestres como polas aulas nos recunchos dos que dispoñemos (recuncho de Ef, currunchos da luz, salón de pasos perdidos ...).
- ✚ Difusión a través de carteis informativos e a través do blog anunciando exposicións, actividades ...



- ✚ Distribución dun díptico informativo nas aulas do centro igual ao que figura na porta de entrada da biblioteca.
- ✚ Promover as visitas das familias ás exposicións que se realizan en lugares común como o Salón dos pasos perdidos.
- ✚ Durante o curso que vén darase continuidade ao traballo comezado neste curso no eido da Educación emocional cos “Encontros para medrar emocionalmente xuntos”.
- ✚ Tentaremos ter unha relación máis fluída coas outras bibliotecas do concello de cara a poder realizar actividades conxuntamente.

5.1.3 En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional. Utilizaremos o tema *proposto* para potenciar a curiosidade de saber dos nenos, a través de documentos escritos, vídeos, documentos da web. Utilización de actividades que lles fagan aprender xogando para saciar a súa curiosidade natural e innata.

## 5.2 Obxectivos

Neste curso escolar a biblioteca do CEIP Flavia propónse acadar os seguintes obxectivos:

- ✚ Rematar a catalogación dos fondos dispoñibles.
- ✚ Dar de baixa os fondos desfasados ou en mal estado.
- ✚ Adquirir novos fondos de consulta en función das necesidades.
- ✚ Adquirir novos fondos da cordo coas peticións realizadas polos usuarios (caixa de suxestións).
- ✚ Ampliar as posibilidades de uso pedagóxico da biblioteca (música, elaboración de materiais propios, concursos, xogos didácticos, ...).
- ✚ Fomentar o hábito lector e o gusto pola lectura levando a cabo actividades de dinamización (apadriñamento lector, recomendacións de libros, itinerarios lectores).
- ✚ Implicar ás familias tanto no uso e desfrute como na conservación da nosa biblioteca.
- ✚ Ampliar o uso da biblioteca para procura de información non só dende un punto de vista puramente didáctico, senón tamén para usos lúdicos e prácticos (xogos, decoración ...)
- ✚ Ampliar a nosa colección de libros “feitos por nós”, que ten moi boa aceptación e son moi lidos polo noso alumnado.
- ✚ Diseñar actividades abertas ás familias, como contacontos, charlas ...

- ✚ Continuar coa actualización do blog da biblioteca.
- ✚ Integrar os distintos tipos de soporte: impreso, dixital e multimedia.
- ✚ Implicar ao alumnado de quinto e sexto de educación primaria no préstamo e devolución de libros.
- ✚ Darlle un maior protagonismo á mascota da biblioteca (Ef). Celebrando o seu aniversario o día das bibliotecas escolares.
- ✚ Fomentar o uso do curruncha da luz (o espazo de lectura informal) durante o tempo adicado diariamente ao plan lector, para realizar exposicións ...
- ✚ Mellorar á infraestrutura en canto á accesibilidade e confort.
- ✚ Tentar mellorar o aspecto da biblioteca escolar, dándolle máis cor e amplitude visual.
- ✚ Organizar o traballo do equipo para mellorar o noso rendemento.
- ✚ Mellorar a nosa formación en relación coas bibliotecas (cursos, xornadas ...)
- ✚ Actualizar a dinámica das bibliotecas de aula.
- ✚ Utilizar a biblioteca como centro de aprendizaxe e lecer.
- ✚ Incrementar a utilización da biblioteca a toda comunidade educativa.
- ✚ Desenvolver a creatividade do noso alumnado.
- ✚ Mellorar a expresión escrita nas tres linguas: Galego, Castelán e Inglés.
- ✚ Desenvolver no noso alumnado o gusto pola lectura.
- ✚ Fomentar o uso das novas tecnoloxías e a busca de información.
- ✚ Dar a coñecer ao noso alumnado as festas e tradicións de Galicia.
- ✚ Dar a coñecer o patrimonio cultural de Europa.

5.3.CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN Dirixidos á adquisición das competencias e á compensación de desigualdades e tratamento da diversidade. Establécense os seguintes:

- ✚ Ler con regularidade e desenvolver o criterio lector e o gusto pola lectura.
- ✚ Consultar textos en diferentes soportes co fin de seleccionar información relevante e incorporala ás propias producións, especialmente en traballos de ámbito académico, tendo en conta as posibilidades que ofrecen as TIC.
- ✚ Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais e escritos de distintos ámbitos.

- ✚ Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar os propios textos.
- ✚ Expoñer opinións sobre lecturas.
- ✚ Acceder a internet para a utilización de servizos básicos: navegación para a localización de información, comunicación no grupo e publicación da información.
- ✚ Realizar traballos individuais e en grupo utilizando as distintas fontes de información.
- ✚ Colaborar na realización de proxectos e actividades de distintos ámbitos desenvolvidas no centro que requira nunha organización de forma cooperativa.
- ✚ Recoñecer a biblioteca como eixo imprescindible para a organización da actividade pedagóxica do Centro.
- ✚ Revisión do índice de participación nas actividades colectivas.
- ✚ Revisión e análise da cooperación con outras entidades do entorno relacionadas co ámbito da biblioteca: bibliotecas municipais, librarías,...

#### 5.4 HORARIO DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR

##### 5.4.1 Integrantes da biblioteca escolar:

INTEGRANTES DO EQUIPO DE BIBLIOTECA	
Ana Leyes Bastida	Mestra especialista en Educación Física e coordinadora da biblioteca
Olalla Mallo Serrano	Mestra de 4º Educación Infantil
Rafa Mosteiro Zapata	Mestre de relixión
Alexandra Carracedo Hermida	Especialista en Lingua Inglesa
Nuria De León Vloria	Mestra especialista en Educación Musical
Belén Rodríguez Conde	Mestra de apoio da Educación Infantil

##### 5.4.2 Número de sesión para dinamizar a biblioteca escolar.

- Persoa coordinadora 5 sesións.
- Resto de persoas integrantes na biblioteca 2 sesións

### 5.4.3 Horario de adicación á dinamización da biblioteca

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
Ana Leyes			Olalla	Alexandra Rafa
Olalla Rafa	Alexandra			
	Ana Leyes Nuria		Nuria	Ana Leyes
	Ana Leyes		Ana Leyes Belén R.	
Ana Leyes		Belén R.		

De 12:15 a 12:45 permanecerá aberta no tempo do recreo, a biblioteca estará aberta, sendo atendida polos mestres e mestras do Equipo de Biblioteca.

5.5. Actividades previstas para desenvolver ao longo deste curso escolar

<b><u>1º TRIMESTRE</u></b>	
<b><u>OUTUBRO</u></b>  <b><u>SAMAÍN E MAGOSTO</u></b>  <b>Dende o 29 A 31 de outubro.</b>  <b>Magosto:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Exposición de libros da biblioteca sobre o tema.</li> <li>• Mostra de cabzas e adornos terroríficos dende o 21-30 E relacionados co tema anual : MULLER</li> <li>• 24 de outubro: aniversario de EF</li> <li>• Magosto: 30 DE OUTUBRO</li> </ul>
<b><u>NOVEMBRO</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mes da ciencia</li> </ul>
<b><u>DECEMBRO</u></b>  <b><u>NADAL</u></b>  <b>Dende o 16 de decembro.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mes da discapacidade.</li> <li>• Farase agasallo para as familias.</li> <li>• Exposición de libros da biblioteca sobre o tema.</li> <li>• Celebración do Nadal.</li> <li>• Motivos de Nadal.</li> </ul>
<b><u>2º TRIMESTRE</u></b>	
<b><u>XANEIRO</u></b>  <b>DÍA DA PAZ (30 )</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Exposición de libros da biblioteca sobre o tema.</li> </ul>
<b><u>FEBREIRO</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• ENTROIDO: Rosalía e Manuel Murguía?</li> <li>• Mandados do Meco ao longo da semana.</li> <li>• Exposición de libros da biblioteca sobre o tema.</li> <li>• Festa de disfraces: XOVES 20</li> </ul>
<b><u>MARZO</u></b>  <b>MES DA MULLER</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 8 DE MARZO</li> </ul>
<b><u>3º TRIMESTRE</u></b>	
<b><u>ABRIL</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• MES DO LIBRO INFANTIL.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Posibilidade de realizar unha visita guiada ao Salón do Libro de Pontevedra o longo da semana.</li> <li>• CONTACONTOS.</li> </ul>
<p><b><u>MAIO</u></b></p> <p><b><u>SEMANA DAS LETRAS GALEGAS</u></b></p> <p><b>11-17 de maio.</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Exposición de libros da biblioteca sobre o tema e a autor: <b><u>CARBALLO CALERO.</u></b></li> <li>• Exposición dos carteis enviados pola Consellería.</li> </ul>
<b><u>FIN DE CURSO</u></b>	

## 6. PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

### 6.1. Introducción

O Plan xeral de normalización da lingua galega establece como un dos seus obxectivos xerais conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, e dálle prioridade á súa presenza en sectores estratéxicos.

Para conseguir estes fins, cómpre afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de normalización lingüística no tocante ao ensino, sen dúbida un sector fundamental para a implantación de hábitos lingüísticos en galego, e establecer unha nova regulamentación do galego que facilite o seu emprego de xeito progresivo e xeneralizado en todos os niveis e graos non universitarios. Neste sentido, cómpre reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos, facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que lle axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, erradicando especialmente o seu emprego sexista en todos os ámbitos e respectando, así mesmo, a situación sociolingüística en que se enmarca cada centro.

Dende o noso centro pretendemos fomentar o uso do galego mediante o proxecto que se expón deseguido tendo en conta as leis vixentes.

### **FOMENTO DO USO DA LINGUA GALEGA E RELACIÓN CO PROXECTO DO CENTRO**

- Tomar conciencia do valor da nosa lingua e cultura, e a importancia das mulleres dentro desta.
- Reflexionar sobre a importancia de coñecer, conservar e respectar a nosa lingua como parte fundamental da cultura da nosa comunidade.

### 6.2. Obxectivos

#### **2.1. Contorno sociolingüístico do centro.**



- a) Promover actividades culturais, de participación e promoción do uso do galego, tanto na escola coma en toda a comunidade educativa. Realización de actividades que teñan como marco as celebración das festas do ciclo anual (Samaín, Magosto, Entroido, Letras Galegas, etc...)
- b) Contribuír a que a nosa lingua sexa un vehículo de comunicación normal en todos os ámbitos da vida académica do profesorado, alumnado e demais persoal.
- c) Organizar actividades para potenciar o uso da lingua galega fóra do centro, fomentando unha implicación activa dos distintos membros da Comunidade Educativa (pais, profesorado, alumnado e persoal de administración e servizos), Institucións, entidades e asociacións externas ao centro (Biblioteca Municipal, Concello, asociacións culturais, escolas deportivas, etc.)
- d) Coñecer e difundir aspectos diferentes aspectos do noso patrimonio cultural.

## **2. 2. Profesorado**

- 1. Mellorar a competencia en comunicación lingüística en lingua galega do profesorado.
- 2. Participar nas actividades propostas en colaboración coa Biblioteca escolar, favorecendo o seu uso para buscar información, ler, entreterse, aprender, ...
- 3. Fomentar a participación nas actividades deseñadas conxuntamente co Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.
- 4. Integrar o uso das Tecnoloxías da Informaración e da Comunicación naquelas tarefas máis axeitadas para o mesmo.

## **2.3. Alumnado**

- a) Empregar a lingua galega de forma correcta, valorándoa e respectándoa.
- b) Aprender a participar nunha cultura propia.
- c) Realizar actividades que permitan un maior coñecemento da historia, costumes, cultura e tradicións galegas.
- d) Potenciar o uso do galego a nivel oral entre o alumnado.
- e) Salientar o día das Letras Galegas como homenaxe á nosa lingua.
- f) Traballar de xeito lúdico a Lingua Galega dende idades temperás.
- g) Empregar as novas Tecnoloxías para a procura e información.
- h) Recuperar e fomentar as festas, tradicións, costumes ... propios da zona e de toda a comunidade galega salientando a súa vertente normalizadora e achegando ao alumnado á cultura do país no que vive.
- i) Dinamizar actividades tendentes á recuperación da lingua oral: lendas, contos, adiviñas, xogos e dramatizacións.

- j) Fomentar o gusto pola lectura en galego entre o alumnado e a comunidade escolar, dando a coñecer a obra literaria nesta lingua.
- k) Valorar e estimar a lingua galega como lingua propia como mostra de identidade de Galicia e recoñecer a existencia da diversidade lingüística como feito enriquecedor.

#### **2.4. Centro**

O proxecto do centro durante este curso estará centrado nos temas da muller, o deporte (ao ser o 2020 ano olímpico) e o medio ambiente, e en consecuencia, dende o Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística contribuiremos tamén ao mesmo perseguindo os seguintes obxectivos:

Concienciar, valorar e usar a lingua galega en todos os ámbitos da vida cotiá.

Toma de conciencia da importancia de coñecer, respectar e conservar a nosa lingua como parte fundamental da cultura da nosa comunidade.

Tomar conciencia da contribución histórica das mulleres que axudaron á construción da nosa cultura.

Ademais destes obxectivos, a nivel de centro perséguese estes outros:

- a) Realizar actividades en determinadas conmemoracións ou festas que teñan lugar no colexio, tendo como punto de partida determinados centros de interese e o emprego da Lingua Galega: Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día do Libro, Semana das Letras Galegas, Fin de curso, etc., implicando activamente a tódolos sectores da Comunidade Educativa (ANPA, persoal non docente, pais/nais, alumnado...)
- b) Realización de proxectos de carácter plurianual ou puntuais que sirvan como apoio no fomento do galego nas diversas áreas, poñendo especial fincapé na orixinalidade das propostas.
- c) Potenciar a participación de toda a comunidade educativa na celebración de festas tradicionais.
- d) Implicar ás familias na maioría das actividades de recuperación cultural en galego.
- e) Implicar ás familias na celebración das festas tradicionais
- f) Solicitar a colaboración das familias nas actividades de recolleita de información para a elaboración de producións propias (refraneiros, adiviñas, receitairos...)
- g) Coñecer e difundir aspectos diferentes do noso patrimonio cultural.
- h) Potenciar a participación de toda a comunidade educativa na celebración de festas tradicionais.
- i) Colaborar co Concello na realización de determinadas actividades.

- j) Utilizar, promover e divulgar a lingua galega en todas as actividades que se leven a cabo no Centro.
- k) Traballar cara a consecución dunha boa competencia en comunicación lingüística en lingua galega.
- l) Promover a lectura, fala, comprensión e escritura na lingua propia da nosa Comunidade.
- m) Seguir promovendo a escrita en galego en todas as comunicacións que saian do centro, así como toda a documentación empregada a nivel interno.
- n) Valorar a historia e cultura propias deseñando programas de coñecemento das mesmas.
- o) Manter informada á comunidade educativa de acontecementos vinculados coa cultura galega na zona: exposicións, festexos, revistas , concursos...
- p) Dotar ao centro dos materiais curriculares axeitados para o coñecemento da lingua e cultura galegas.
- q) Dotar á biblioteca e ás aulas de materiais informáticos e audiovisuais en galego, e promover o seu uso.
- r) Fomentar o uso das TIC empregando o galego.
- s) Potenciar a valoración positiva do uso do idioma galego por parte de todos os membros da comunidade educativa.
- t) Posibilitar a integración do alumnado que non posúa coñecemento suficiente da lingua predominante, atendendo á inmersión lingüística do alumnado inmigrante se o houber.
- u) Manter e promover relacións abertas co concello
- v) Potenciar a visión do Equipo de Dinamización da Lingua Galega como órgano de coordinación docente e dar visibilidade explícita ás súas actuacións.
- w) Informar e implicar ás familias no proceso dinamizador e normalizador.
- x) Promocionar as festas tradicionais galegas.
- y) Promover o coñecemento da contorna inmediata: características do medio natural, historia, arte, xeografía

### 6.3. Actividades xerais e relación cos obxectivos

- Empregar a lingua galega en rótulos, carteis, anuncios, comunicados, avisos, páxina web, blogs... (V, A, S)

- Realizar de investigacións sobre historia, lendas, patrimonio etnográfico da nosa contorna. (Y, D, C, F)
- Informar ao profesorado en xeral sobre lugares de interese na nosa contorna e programar visitas para estes. (U, G, )
- Levar a cabo saídas didácticas pola contorna atendendo ao interese paisaxístico, artístico, etnográfico, cultural e mesmo económico (U, G)
- Revisar e corrixir de comunicados, cartas, etc. por parte do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, cando así o requira o equipo directivo, ANPA, titores/as... co fin de adaptalos á normativa oficial. (J, K)
- Asistir a concertos didácticos e obras de teatro que promocionen o uso do galego. (U, G)
- Recuperar de xogos populares. (C, D)
- Realización de actividades de contacontos, por parte dos propios nenos, os os seus pais ou os avós. (K, L, F)
- Ampliar dos fondos da biblioteca, procurando unha literatura en galego atractiva para os nenos/as. (R, P)
- Realizar de actividades en galego utilizando distintos programas informáticos. (R, P)
- Continuar actualizando a páxina web do colexio, informando nesta sobre aspectos da dinamización e normalización lingüística. (R)
- Recompilar de cantigas, contos, lendas, ditos, refráns, sortes,(Y, D, F, B, A)

### 6.3 Actividades relacionadas cos obxectivos propostos

Colaborarase cos departamentos de Biblioteca, Actividades Extraescolares e TICs na posta en práctica das diferentes celebracións que se leven ao longo do curso

#### RELACIÓN DAS ACTIVIDADES CO PROXECTO DE CENTRO:

Este ano as actividades programadas van ir enfocadas entorno a un tema común, que neste curso será a muller coma eixo central, e incidentalmente tamén se tratará o deporte e o medio ambiente.

- Contorno sociolingüístico de centro
- Continuar coa dinamización dos blogs iniciados en cursos anteriores.
- Samaín/ Magosto: Recompilación de rimas e cantigas do outono, e elaboración de cartaces sobre os xogos tradicionais.
- Novembro: mes da ciencia en galego. Realizaranse actividades en relación a distintas científicas galegas.
- Nadal: Repertorio de panxoliñas en galego.
- A Paz: .
- Día de Rosalía: actuación cunha dramatización da vida de Rosalía
- 8 de marzo, día da muller: Realizaranse actividades referidas a escritoras galegas.
- Entroido: festa, desfile, baile e degustación de sobremesas típicas da época.

- Día das Letras Galegas: traballaremos a obra de Ricardo Carvalho Calero e intentaremos traer unha escritora, ilustradora ou contacontos para ese día.
- Ao longo do curso tamén se traballarán actividades sobre mulleres deportistas galegas

#### Profesorado

- Espazo da páxina web ou blog: o Equipo de Dinamización da Lingua Galega participará na difusión de actividades que se vaian desenvolvendo a través da mesma.
- Outros proxectos que se realicen nas aulas.

#### Alumnado:

- Samaín: haberá unha exposición de cabazas durante unha semana.
- Entroido: os nenos e nenas do centro celebran o Entroido cunha festa gastronómica.
- Entroido: Haberá tamén un baile sobre danzas do mundo.
- Letras Galegas: traballo sobre a vida e obra de Ricardo Carvalho Calero
- Outros proxectos en lingua galega que se realicen nas distintas aulas.

#### Centro:

- Adquisición de libros, música e outro tipo de material en galego.
- Exposicións segundo as actividades propostas.
- Informacións diversas : as comunicacións que se realicen dende o centro empregarán a lingua galega, carteis e letreiros e documentación interna.
- Conmemoracións e celebracións a nivel de centro: emprego do idioma galego en actos como o día da Paz, o Día do libro, a Semana da prensa, etc.

As actividades expostas realizaranse na medida que o presuposto así o permita, revisarase ó rematar o curso escolar e recolleranse as posibles modificacións con respecto ó programa inicial de actividades propostas.

## 7. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

### 7.1 introdución

A lexislación educativa vixente outórgalle á función orientadora un papel relevante con decisiva incidencia na calidade dos procesos que se desenvolven no labor educativo:

- ✓ A orientación educativa e profesional dos alumnos/as debe ser un dos principios que inspira a actividade educativa como medio necesario para o logro dunha formación personalizada que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores (Artigo 1º da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, de Educación).

- ✓ A orientación educativa e profesional é un dos factores que favorecen a calidade da ensinanza, aos que os poderes públicos prestarán unha atención prioritaria (segundo lei vixente).
- ✓ A orientación educativa, académica e profesional do alumnado debe estar en colaboración cos servizos ou departamentos especializados (segundo lei vixente)

Nesta liña, queremos para o noso centro unha orientación que incida sobre a comunidade educativa no seu conxunto (alumnos/as, profesores/as e familias), que atenda aos problemas e dificultades de aprendizaxe e preste apoio e asesoramento ante a diversidade de retos cos que se enfrenta a escola, animando e impulsando a súa acción, as relacións entre os seus elementos e co entorno contribuindo, en definitiva, á mellora da calidade dos procesos que se desenvolven nela e, conseguintemente, da acción educativa.

O Plan de Orientación é o instrumento pedagógico-didáctico que articula, a medio e longo prazo, as actuacións relacionadas coa orientación. Pero esta planificación non pode facerse de maneira illada, é parte da organización pedagógico-educativa do centro é, consecuentemente, debe encadearse coa actividade e estrutura xeral deste. O Plan de Orientación conforma pois, un epígrafe propio do Proxecto Educativo como documento que planifica e estrutura a acción orientadora dos equipos docentes e do centro educativo no seu conxunto, con especial incidencia na atención á diversidade, na orientación persoal e académica e na acción tutorial, sendo o Departamento de Orientación o responsable de elaborar a proposta do mesmo de acordo coas directrices establecidas polo Claustro de profesores e a Comisión de Coordinación Pedagóxica.

## 7.2. Xustificación baseada no contexto.

### 7.2.1. Contexto legal.

- ✓ Lei Orgánica 8 / 2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (L.O.M.C.E.).
- ✓ Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación (LOE).
- ✓ Decreto 105/ 2014 , do 4 de setembro ( D.O.G. do 9 de setembro ) polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia .
- ✓ Orde 6 outubro de 1995, ( D.O.G. do 7 de novembro de 1995 ) pola que se regula as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.



- ✓ Orde do 31 de outubro de 1996, D.O.G. do 19 de decembro de 1996, pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.
- ✓ Orde do 31 de outubro de 1996, ( D.O.G. do 19 de decembro de 1996) pola que se regula a avaliación psicopedagóxica .
- ✓ Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual
- ✓ Real decreto 943/2003, de 18 de xullo, polo que se regula las condiciones para la flexibilizar la duración de los diversos niveles y etapas del sistema educativo para os alumnos superdotados intelectualmente.
- ✓ Orde 9 de xuño de 2016 , ( D.O.G. do 10 de xuño) polo que se regula a avaliación e promoción en educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✓ Decreto 374/1996 de 17 de outubro (D.O.G. do 21 de outubro) polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria.
- ✓ Decreto 120/1998 , do 23 de abril (D.O.G. do 27 de abril) polo que se regula a Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✓ Orde 24 de xullo de 1998 (D.O.G. do 31 de xullo) pola que se establece a Organización e funcionamento da Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✓ Orde do 27 de decembro de 2002 ( D.O.G. do 30 de xaneiro de 2003 ) pola que se regula as condicións e criterios para a escolarización de alumnos con necesidades educativas especiais.
- ✓ Circular 10 / 2010 da Dirección Xeral de Educación , Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de Orientación Educativa e Profesional na comunidade Autónoma de Galicia .
- ✓ Decreto 229 / 2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia .

- ✓ Lei 4 / 2014 de 30 de xuño de convivencia e participación educativa e na materia de convivencia escolar.

#### 7.2.2. Datos de identificación.

En cumprimento do establecido nos artigos 3º e 13º da Orde do 24/7/98 (D.O.G. do 31 de xullo de 1998) e segundo as correspondentes circulares anuais o Departamento de Orientación do C.E.I.P. "FLAVIA" abranguerá durante o curso 2019 / 2020 no seu Plan de actuación os seguintes centros:

- CEIP de Pousada- Carcacía ( Padrón)
- EEI de Pontecesures (Padrón)
- EEI de Arretén (Padrón)

Así mesmo, este Departamento de Orientación estará adscrito ao Departamento do I.E.S. Camilo José Cela.

#### 7.2.3 Composición do departamento.

Estará composto polos seguintes membros, de acordo co Decreto 120/1998 do 23 de abril, polo que se regula a Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia:

- *Sabela Tojo Bascoy - EEI de Pontecesures.*
- *Isabel María Furonos Santos - EEI de Arretén.*
- *Teresa Caeiro Camino - CEIP Pousada- Carcacía.*
- *Teresa Lourido Míguez- Coordinadora E. Infantil.*
- *Belén Rodríguez Conde - Profesora de P. T.*
- *María Vieito Liñares – Profesora de A.L.*
- *Marta González Estévez - Profesora A.L. compartida con*  
*Centros Adscritos*
- *Dolores Vázquez Randulfe - Xefa do Departamento.*

Por non existir coordinadores de ciclo en Educación Primaria, no presente curso escolar, formarán parte do Departamento de Orientación os seguintes membros:

- *Montserrat Ces Rodríguez- Responsable do 1º nivel.*
- *María Busto Galego - Responsable do 2º nivel.*
- *María Benedicta Sandá Berbazán - Responsable do 3º nivel.*
- *Belén Casal Pernas- Responsable do 4º nivel.*
- *José Carlos seca Vijande- Responsable do 5º nivel.*
- *Lucía Frois Refojo - Responsable do 6º nivel.*

No presente curso escolar por proposta do Equipo Directivo en sesión de claustro decídese que para maior operatividade se realicen as reunións mensuais cos especialistas do Departamento de Orientación e as prescriptivas trimestrais con todo o departamento.

#### 7. 2.4. Contexto do centro

##### 7. 2.4.1 Xustificación baseada no contorno

O noso Plan de Orientación pretende ser un documento real, vivo e dinámico. Para iso temos que planificar para unha realidade con características singulares que a definen e condicionan, necesidades propias ás que temos que dar resposta e recursos e posibilidades concretas que serán os instrumentos para materializar as propostas da acción orientadora.

Así, para programar a nosa acción de forma eficaz, debemos coñecer as peculiaridades do contorno ao que vai dirixida e no que se vai desenvolver: características do alumnado, profesorado e familias, organización do centro educativo, medios materiais, recursos humanos, etc.

##### 7.2.4.2 A experiencia acumulada no noso Centro.

O Departamento de Orientación conta cunha experiencia de varios cursos de funcionamento no Centro. Tal como quedou recollido na Memoria de fin de curso 2018/2019 hai obxectivos que serán de continuidade deste Departamento, xa que dende que se inician os primeiros pasos ata a súa implementación é un proceso que leva tempo e presenta, ás veces, moitas dificultades.

### 2.4.3. As demandas da Comunidade Educativa.

Tendo en conta o apartado anterior será necesario seguir a propoñer actuacións para dar resposta ás necesidades educativas referidas ao ámbito da atención á diversidade. Preténdese dar cabida tanto ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, xa previstas no curso anterior (coas modificacións oportunas nas medidas relacionadas coa inclusión e de atención á diversidade) como ás novas que poidan xurdir, tanto pola detección en nenos e nenas de cursos anteriores e que estaban sendo seguidos de cerca polos titores/as e/ou polo profesorado especialista de apoio, como no alumnado de nova incorporación ao Centro, detectándose neste último grupo e en xeral alumnado con necesidade de apoio específico. Abarcarase tamén algunhas actuacións noutros aspectos como: as relacionadas coa Acción Titorial , promoción da convivencia, a resolución pacífica de conflitos , a participación e implicación das familias na educación dos seus fillos e fillas .

#### 7.3.- Estratexias de intervención

Sendo o centro escolar un sistema formado por distintos elementos que deben organizarse e colaborar en aras de proporcionar resposta ás necesidades da comunidade educativa, e que ten como fin último articular unha acción formativa eficaz e de calidade, a función orientadora debe incidir en, desde o conxunto da organización escolar, como parte da mesma que é, utilizando todos os seus recursos e enmarcada na acción global do centro.

Pero para dirixir as accións e conseguir os obxectivos plantexados é necesario considerar unhas estratexias xerais de intervención, que enmarcan e complementan as propias das intervencións concretas. O Departamento de Orientación dedicárase fundamentalmente a dinamizar e potenciar as tarefas das titoras e dos titores e levará as súas actuacións en estreita colaboración con:

- Os/as Responsables de Equipos
- Os/as titores/as.
- Os mestres especialistas.
- O profesorado de apoio.
- A Xefatura de Estudos.
- O Equipo Directivo

O traballo cooperativo será desenvolto en reunións :

- Titores/as
- Xuntas de avaliación

- Departamento de Orientación
- Comisión de Coordinación Pedagóxica
- Claustro

#### 7.4. Obxectivos xerais.

##### 7.4.1. - Obxectivos referidos ao Centro.

- Optimizar o funcionamento do Departamento de Orientación.
- Estudar as necesidades de material específico de Orientación.
- Asesorar e ofrecer recursos para que nos distintos documentos e actuacións do Centro se contemple a atención á diversidade.
- Colaborar no seguimento e revisión do Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro de acordo coas directrices da Comisión Pedagóxica sempre que se considere necesario.
- Colaborar no seguimento e revisión do Plan de Acción Titorial e Plan de Acollida para Alumnos Estranxeiros sempre que se considere necesario .
- Revisar, organizar e, de ser o caso, modificar os apoios ao alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo, axustando as propostas á realidade de cada alumno ou alumna ( por necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade ( TDAH), altas capacidades intelectuais, que se incorporen tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar ) para avanzar na prevención dos problemas de aprendizaxe e na loita contra o fracaso escolar.
- Coordinar cos distintos Organismos que contribúan a mellorar o labor orientadora.
- Atender ao alumnado con necesidade educativa específica de apoio educativo e de forma especial os procedentes do estranxeiro e/ou de incorporación tardía o sistema educativo español .
- Propoñer iniciativas que supoñan a optimización dos recursos humanos e materiais e asesoramento aos equipos para dar resposta á diversidade presente nas aulas .
- Colaborar na diagnose inicial do estado da convivencia no Centro, no posterior deseño do Plan de mellora e no desenvolvemento das accións oportunas, tanto para a elaboración como para aplicación das normas de organización e funcionamento.
- Colaborar en programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.

- Facilitar, en forma e prazo, a información que se demanda nas aplicacións informáticas DrDadi e DrDorienta.
- Elaborar o Plan de Acollida do Alumnado que se matricule de novo no centro.
- Colaborar na revisión do Programa de Habilidades Sociais aprobado no Centro .
- Con relación a outras institucións e órganos externos:
  - Colaborar cos servizos de orientación: Equipo de orientación específico, Departamento de Orientación do IES .
  - Coordinar actuacións cos servizos e axentes externos: Saúde, Servizos Sociais, Concello etc., aproveitando os recursos socioeducativos que estas institucións poidan ofrecer.

#### 7.4.2. Obxectivos referidos ao profesorado.

- Detección e avaliación das necesidades educativas do alumnado e identificar as dificultades e potencialidades do alumnado concretando pautas de intervención para axustar as propostas de apoio educativo á realidade educativa de cada alumno ou alumna e colaboración co Equipo de Orientación Específico .
- Valorar as medidas de atención á diversidade de carácter ordinario (R.E.)
- Colaborar na adopción de medidas extraordinarias de atención á diversidade e asesorar na cumprimentación académica.
- Contribuír ao proceso de avaliación de cada grupo.
- Aplicación dos diversos protocolos vixentes segundo diagnósticos específicos dos alumnos.
- Cooperar na personalización de ensino-aprendizaxe.
- Poñer en marcha, cando se considere conveniente; medidas que repercutan na prevención de futuras dificultades de aprendizaxe para facilitar a mellora do desenvolvemento das competencias básicas dos alumnos e alumnas.
- Colaborar co profesorado titor na avaliación inicial do alumnado que comeza a súa escolarización, si se considera necesario, para identificación temperá de necesidades educativas específicas do alumnado .
- Atención ao alumnado con necesidades educativas específicas de forma especial os procedentes do estranxeiro.



- Favorecer a adaptación persoal e grupal dos nenos/as que acoden por primeira vez ao Centro. ( Sempre que chegado o momento haxa posibilidades de levar a cabo a xornada de acollida no Centro).
- Colaborar na concienciación do profesorado da posibilidade de atoparnos na escola con alumnado heteroxéneo.

#### 7.4.3. Obxectivos referidos ao alumnado.

- Potenciar a Orientación para todos.
- Coñecer o rendemento académico do alumno/a en comparación coa media do grupo e cas súas posibilidades.
- Facilitarlle ao alumnado a toma de decisións para enfrontar os momentos escolares como , por exemplo , o paso á ESO.
- Adoptar medidas de atención á diversidade.
- Potenciar a convivencia no marco da formación de cidadáns responsables autónomos e participativos, incorporando contidos relacionados coas habilidades sociais, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a dinámica de grupos e a igualdade entre homes e mulleres .
- Favorecer en idades temperás recursos para a mellora da linguaxe.
- Sensibilizar ao alumnado de que todas as persoas somos diferentes, utilizando distintos códigos para comunicarnos ben sexa de forma escrita e / ou oral .
- Potenciar a posta en marcha de medidas preventivas para mellorar o clima de traballo e convivencia.
- Impulsar actividades destinadas a adquirir as habilidades sociais necesarias para relacionarse, expresar os propios sentimentos e ideas, cooperar e traballar en equipo e favorecer o desenvolvemento da intelixencia emocional.

#### 7.4.4. Obxectivos referidos ás familias.

- Cooperar na relación titores/as - familia.
- Asesorar ás familias para afrontar as dificultades que se presenten na educación dos seus fillos/as.
- Asesorar ás familias orientándoas aos servizos que lles proporcionan a asistencia e apoio que poidan precisar por estar en situación de desvantaxe socioeducativa, pola súa condición de emigrante, por pertencer a minorías étnicas ou por estar a vivir situacións complexas ou problemáticas.

- Asesorar e colaborar na procura de axudas e asistencia para alumnos/as con necesidades educativas de apoio educativo.

#### 7.5. Planificación xeral e definición de accións prioritarias.

Os obxectivos sinalados no apartado anterior débense agrupar en tres liñas fundamentais de traballo, elixindo actividades que durante o curso desenvolvan un plan coherente nestes tres ámbitos xerais :

- ✓ A atención á diversidade co maior peso e moi especialmente no que se refire á atención a alumnado con necesidades educativas específicas e coa revisión e/ modificación das medidas de apoio que está a recibir o alumnado con dificultades de aprendizaxe e/ou integración contribuíndo na loita contra o fracaso escolar e buscando o máximo desenvolvemento das competencias básicas .
- ✓ A convivencia e a educación en valores, no marco dunha escola plural na que se forman cidadáns responsables, autónomos e participativos .
- ✓ A motivación pola aprendizaxe e fomento da valoración do esforzo .

As accións prioritarias que se determinen deberán estar globalmente concibidas e ser interdependentes .

7.5.1. Detección e avaliación das necesidades do alumnado  
Para o seu desenvolvemento establécense os seguintes criterios a ter en conta no proceso de toma de decisións na atención do alumnado que presenta necesidade específica de apoio educativo e na organización do apoio aos mesmos.

##### 7.5.1.1 proceso na toma de decisións na atención de alumnos con necesidades

1º.- Os mestres titores/as detectan aqueles alumnos/as que presentan dificultades que lle impiden seguir a dinámica habitual do grupo clase e, despois de intentar solventalas na aula e non acadalo, comunícanllo ao/á orientador/a do Centro.

2º .- Os alumnos podémolos clasificar en :

A .- Alumnos/as que presentan necesidade específica de apoio educativo evidente asociada a condicións persoais e entendendo que vai ser o alumnado que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade ( TDAH ), por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais

ou de historia escolar. Neste caso iníciase un proceso de Avaliación Psicopedagóxica que implica a intervención do titor/a, profesorado de apoio, xefe/a do Departamento de Orientación e, se é o caso, o especialista correspondente do Equipo de Orientación Específico. Neste proceso de avaliación o profesor titor/a colaborará na recollida de información e redactará un informe que reflicta a problemática observada na aula. Tamén se recollerá información dos profesores especialistas.

A familia cubrirá un impreso no que se recadarán os datos familiares, de desenvolvemento, hábitos e comportamento xeral do neno/a .

O pai, nai ou titor legal firmará a solicitude de autorización para a Avaliación Psicopedagóxica pola que queda constancia de que está informado e da súa conformidade. Empregarase o impreso de que dispón o Centro para tal fin.

Procederase á elaboración dunha Adaptación Curricular unha vez esgotadas as medidas de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes e se os resultados da Avaliación Psicopedagóxica así o indican. Neste proceso está implicado todo o profesorado que imparte docencia directa ao alumno/a, o profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe se é o caso e o orientador/a do Centro. O primeiro compoñente na elaboración da Adaptación Curricular será o resumo dos resultados da Avaliación Psicopedagóxica. Estarán implicados o profesor titor/a e profesores que imparten áreas instrumentais, profesores especialistas, profesores de apoio e orientador/a e se colaborará co Equipo de Orientación Específico de A Coruña cando este realice Avaliacións Psicopedagóxicas .

B.- Alumnos/as que presenten dificultades de aprendizaxe non asociadas a necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade ( TDAH), altas capacidades intelectuais, que se incorporen tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, o propio profesor/a- titor/a en colaboración co orientador/ a, recompilará toda a información da que dispón o Centro con respecto á situación persoal, social, académica do alumno/a, a traveso de procedementos, instrumentos e técnicas como a observación, protocolos para a avaliación das competencias curriculares, cuestionarios, entrevistas e revisión dos traballos escolares para avaliar as condicións que poden influír na aprendizaxe do

alumno/a. Despois tomaranse as medidas para a realización dunha proposta educativa axeitada en cada caso (priorización ou/e modificación da secuencia de obxectivos/ contidos, procedementos, instrumentos de avaliación, organización de espazos e tempos, actividades...) e seguiranse os seguintes pasos :

a) Faráselle un seguimento individualizado por parte do profesor tutor/a, orientador/a e profesorado especialista de apoio en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe, se é o caso, para observar e corroborar que a súa evolución é favorable acadando os obxectivos fixados.

b ) No caso de que as novas medidas adoptadas nun prazo determinado de tempo non resulten axeitadas por non evolucionar favorablemente iniciarase un proceso de Avaliación Psicopedagóxica nos termos sinalados no apartado A.

#### 7.5.1.2 Organización do apoio

- CRITERIOS XERAIS

1º.- En Educación Infantil: o apoio farase como norma xeral dentro da aula ordinaria. Contéplase a posibilidade de facelo fóra dela en casos excepcionais, se o alumno precisa traballar aspectos específicos de reeducación da fala e/ou outras problemáticas específicas e estará analizado e xustificado polo Departamento de Orientación do Centro.

2º.-Primeiro e segundo de Educación Primaria: o apoio farase como norma xeral dentro da aula ordinaria. Contéplase a posibilidade de facelo fóra en casos excepcionais nos seguintes casos::

- 1) Cando o alumno precise traballar aspectos específicos de reeducación da fala.
- 2) Alumnos que repitan o 1º ou o 2º curso de Educación Primaria e estean a iniciar o proceso lecto-escritor.
- 3) De forma moi excepcional, alumnos que sen estar a repetir o 1º ou o 2º curso de Primaria, e despois de telo intentado dentro da aula e non ter acadado resultados satisfactorios, presentan dificultades que lles fan precisar apoio

individualizado, dado que a súa competencia curricular sepárase moito da media do grupo clase.

○ Nos tres casos estará analizado e xustificado polo Departamento de Orientación do Centro.

○ 3º.- En terceiro, cuarto, quinto e sexto de Educación Primaria: O apoio levarase igualmente dentro da aula ordinaria, contemplando a posibilidade de aplicalo fóra cando a competencia curricular do alumno/a estea moi por debaixo da media do grupo-clase e que resulte moi difícil darlle o apoio dentro, e/ou se trate de aspectos específicos de audición e linguaxe.

○ O apoio fóra da aula non poderá superar a terceira parte do horario escolar , en aplicación de lexislación vixente Orde do 27 de decembro de 2002 ( D.O.G. do 30 de xaneiro de 2003 ) pola que se regula as condicións e criterios para a escolarización de alumnos con necesidades educativas especiais .

▪ CRITERIOS A SEGUIR PARA A ATENCIÓN DIRECTA DOS ALUMNOS/ AS.

A atención do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe priorizarase da seguinte forma e sempre tendo en conta a dispoñibilidade horaria:

1. Co profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica:

- a) Alumnado con Adaptacións Curriculares elaboradas no curso pasado e previstas para o presente curso escolar .
- b) Alumnado con diagnóstico médico e / ou psicopedagóxico que requira de apoios para acadar os obxectivos mínimos correspondentes ao currículo ordinario por presentar grandes dificultades de aprendizaxe.
- c) Alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe e segue o currículo ordinario .

2. Co profesorado especialista en Audición e Linguaxe

- a) Alumnado con dificultades de comunicación.
- b) Alumnado con dificultades na linguaxe.

- c) Alumnado con dificultades articulatorias priorizando os de máis idade respecto aos de menos.
- d) Alumnado que precisa apoios educativos por presentar dificultades no proceso lectoescritor.

### 7.5.1.3 Avaliación dos alumnos/as.

No caso de alumnos que reciban Apoio Educativo tomaranse como referente para a súa avaliación as competencias básicas en Educación Infantil e competencias clave en Educación primaria e obxectivos mínimos reflectidos na programación de aula.

No caso de alumnos con Adaptación Curricular teranse en conta os criterios de avaliación establecidos na propia Adaptación Curricular .

## 7.6 . Recursos

### 6.1. -RECURSOS HUMANOS .

- Profesorado Titor.
- Profesorado de apoio (P.T./ A.L.)
- Profesorado adscrito aos apoios de titor de ser o caso.
- Profesorado das especialidades
- Departamento de Orientación.

### 6.2.-RECURSOS MATERIAIS

- P.E., P.A.T.
- Escalas de observación.
- Probas Psicopedagógicas.
- Expediente do alumno/a.
- Material escolar e de reforzo.
- Bibliografía específica sobre os aspectos que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Documentos sobre lexislación educativa.



### 7.7.- Metodoloxía

A metodoloxía a empregar para o desenvolvemento do Plan deberá favorecer a participación activa e cooperativa por parte de todos os implicados no mesmo.

O desenvolvemento das actividades deberá estar baseado nunhas estratexias metodolóxicas baseadas nun traballo cooperativo estruturado en:

#### **-Reunións colectivas:**

- Directora e equipo de titores/as coas familias.
- Titor/a co alumnado e familias.
- De nivel.
- Xuntas de avaliación.
- Departamento de Orientación.
- Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Claustro.

#### **Reunións individuais:**

Entre os diferentes membros da comunidade a traveso de entrevistas para intercambios de información.

### 7.8.- Centros adscritos

No CEIP FLAVIA funciona o Departamento de Orientación por contar co número suficiente de unidades para ter un posto de traballo catalogado con horario completo, nembargante ten adscritos tres centros por non contaren estes coas unidades suficientes para posuír D.O.:

- CEIP de Pousada- Carcacia ( Padrón).
- EEI de Pontecesures (Padrón).
- EEI de Arretén (Padrón).

Asimesmo, este Departamento de Orientación está adscrito ao Departamento do I.E.S. Camilo José Cela.

A orientadora exerce a Xefatura do Departamento dos catro centros realizando o seu traballo neles cun reparto do horario, recursos, etc., proporcional ao número de unidades e organizando o seu traballo para prestar a debida atención a cada un dos centros.

A disposición horaria da Orientadora nos Centros Adscritos é a seguinte tal como consta no horario semanal da Xefatura do Departamento no presente Plan de Orientación : mércores

de 9: 45 a 12: 15, abarcando tres sesións que corresponden coa distribución horaria do CEIP Flavia.

Plan de visitas:“ A orientadora asistirá aos tres Centros Adscritos unha vez ao trimestre, sen prexuízo de asistir sempre que se requira para Avaliación Psicopedagóxica”.

Funcións:“ Enténdese que son as mesmas que se establecen para o CEIP Flavia e comunicando ao Departamento, unha vez feita a Avaliación Inicial, si existen ou non necesidades específicas no alumnado. Dita comunicación será por escrito “.

#### 7.9.- Actividades e temporalización.

Preséntanse as actividades e a temporalización en relación cos obxectivos e os axentes de realización:

- 9.1.** No referente ao centro (táboa I).
- 9.2.** No referente ao profesorado (táboa II).
- 9.3.** No referente ao alumnado (táboa III).
- 9.4.** No referente ás familias (táboa IV).

#### 7.10.- Criterios de seguimento e avaliación

É necesario e fundamental comezar sinalando que a avaliación enténdese coma un proceso continuo que se levará a cabo ao longo de todas as etapas do programa, é dicir, ao inicio do proceso, durante e ao final do mesmo de xeito que a avaliación vai a constituír o núcleo central do programa, pois intentará posibilitar en todo momento o coñecemento da situación e do grao de desenvolvemento do mesmo, de tal maneira que se poidan facer as modificacións oportunas.

Para a realización desta primeira avaliación das necesidades do contexto,estanse a empregar:

- ✓ Observación directa pola Xefa do Departamento de Orientación sobre o funcionamento diario do Centro.
- ✓ As anotacións realizadas pola Xefa do Departamento.
- ✓ Estudio das funcións do Departamento.
- ✓ O estudio das medidas que se estaban empregando ata o momento e que se avalían no mes de xuño do curso anterior.
- ✓ Intercambio de impresións dos membros do D.O.
- ✓ Estudio inicial das demandas de todo tipo recibidas.

A avaliación formativa levarase a cabo ó longo do curso nas reunións previstas nos calendarios pertinentes, onde se deberán adoptar as medidas correctoras que sexan necesarias.

Ó remate do curso farase unha avaliación sumativa que permita determinar se foron acadados os obxectivos e se a temporalización foi axeitada. Dos datos que se obteñan extraeranse conclusións para a memoria, e esta servirá de punto de partida para a elaboración do plan do vindeiro curso.

#### 7.11.- Calendario de reunións.

O profesorado integrante do Departamento de Orientación do C.E.I.P. "FLAVIA" con destino no Centro reuniranse unha vez ao mes e todos os membros do Dpto. reuniranse unha vez ao trimestre.

##### 7.11.1. Calendario semanal xefa departamento orientación

O horario semanal da xefa do Dpto. Durante o curso 2019/2020 abranguerá os mesmos períodos lectivos que os do resto do profesorado do Centro.

Durante este tempo, desenvolveranse as seguintes tarefas:

- ✓ Realización das actividades propostas no Plan de Orientación Anual .
- ✓ Avaliación diagnóstica de alumnos.
- ✓ Realización de Informes psicopedagóxicos.
- ✓ Coordinación coas mestras de P.T. e A.L
- ✓ Coordinación coa Xefatura de Estudos.
- ✓ Asesoramento e colaboración co profesorado titor, así como co profesorado especialista no tratamento da atención á diversidade do alumnado.
- ✓ Realización de saídas aos centros adscritos e ás reunións de coordinación co xefe do Dpto. do I.E.S previa convocatoria.
- ✓ Entrevistas coas familias .
- ✓ Coordinación Servizos externos.
- ✓ Gardas

**TÁBOA I**

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	FUNCIÓN	TEMPOR.
<p>Optimizar o Funcionamento do Departamento de Orientación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Organizar o espacio do Dpto. de Orientación.</li> <li>- Asistir ás reunións convocadas polo xefe do Dpto. do IES ao que estamos adscritos.</li> <li>- Convocar e presidir as reunións ordinarias e extraordinarias do Dpto. de Orientación.</li> <li>- Elaboración do Plan Anual de Orientación.</li> <li>- Redacción do Plan Anual de Orientación.</li> <li>- Presentación do Plan Anual aos C. adscritos.</li> <li>- Elaborar a memoria de final de curso .</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- X. Dpto. Orientación.</li> <li>- X. Dpto. Orientación.</li> <li>- X. Dpto. Orientación.</li> <li>- Dpto. Orientac.</li> <li>- X. Dpto. Orient.</li> <li>- X. Dpto. Orient.</li> <li>- X. Dpto. Orient.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- 1º trimestre.</li> <li>- Todo o curso.</li> <li>- Todo o curso.</li> <li>- 1º trimestre.</li> <li>- Final de curso</li> </ul>
<p>Estudiar as necesidades de material específico de Orientación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Valorar o orzamento preciso.</li> <li>- Equipamento para o Dpto. (adquisición do material , inventario e préstamo ó profesorado )</li> <li>- Confección de rexistros segundo os casos .</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dpto. de Orient.</li> <li>- X. do Dpto. Orient.</li> <li>-X. Dpto. Orientac.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Todo o curso.</li> </ul>
<p>Asesorar e colaborar na actualización/ elaboración de distintos documentos que integren o Proxecto Educativo do C C. Centro .</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Colaboracións e actualizacións dos distintos documentos do Centro .</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Dpto. de Orientación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Todo o curso.</li> </ul>

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	FUNCIÓN	TEMPOR.
Colaborar no seguimento e revisión , de ser necesario, do Plan Xeral de Atención á Diversidade.	Tal como se describe no Decreto 220 / 2011, do 7 de decembro	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dpto. de Orientación.</li> <li>- Comisión Pedagóxica</li> </ul>	- Todo o curso
Colaborar no seguimento e revisión , de ser necesario , do Plan de Acción Titorial e do Plan de Acollida para Alumnos Estranxeiros	Colaborar no seguimento e revisión , de ser necesario, do Plan de Acción Titorial e do Plan de Acollida para Alumnos Estranxeiros .	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dpto. Orientac.</li> <li>- Titores</li> </ul>	Todo o curso
Revisión ,organización e , de ser o caso , modificación dos apoios ó alumnado con necesidade específica de apoio educativo	- Confección de horarios para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo	<ul style="list-style-type: none"> <li>- X. Dpto.Orientación</li> <li>- Titor /a</li> <li>- P.T. / A.L.</li> </ul>	-Todo o curso.
Coordinar con distintos organismos que contribúan a mellorar o labor orientadora.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Establecer contactos cos distintos profesionais externos ó Centro, que inciden na atención ós alumnos con necesidade específica de apoio educativo (E.O.E.,servizos sociais,centros específicos, pediatría ...)</li> <li>- Coordinar con distintos Departamentos de Orientación da zona.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- X. Dpto. Orientación.</li> <li>- Titor. /a</li> <li>- P.T.</li> <li>- A.L.</li> <li>- X. Dpto. de Orientación.</li> </ul>	-Todo o curso.

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	FUNCIÓN	TEMPOR.
Atención ao alumnado con necesidade educativas específicas e cos procedentes do estranxeiro e / ou incorporación tardía ao sistema educativo español .	- Valorar as medidas necesarias de atención á diversidade dos alumnos que se escolaricen no Centro e cos procedentes do estranxeiro e/ou incorporación tardía ao sistema educativo español .	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dpto. de Orientación.</li> <li>- Tutores /as</li> <li>- Especialistas</li> </ul>	-Todo o curso.
Proposta de iniciativas que supoñan optimización dos recursos humanos e materiais e asesoramento aos equipos para dar resposta á diversidade presente nas aulas .	- As que se considere necesarias segundo os casos que se presenten para a prevención de problemas de aprendizaxe e na loita contra o fracaso escolar .	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dpto. de Orientación.</li> <li>- X. Dpto Orientación .</li> <li>- P.T.</li> <li>- A.L.</li> </ul>	-Todo o curso

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	FUNCIÓN	TEMPOR.
<p>Colaborar na diagnose inicial do estado da convivencia no Centro no posterior deseño do plan de mellora e no desenvolvemento das accións oportunas .</p>	<p>- Participar na valoración do estado da convivencia .</p>	<p>- Dpto. De Orientación .</p>	<p>- Cando corresponda no curso .</p>
<p>Facilitar , en forma e prazo, a información que se demanda na aplicación informática drorienta e drddadi.</p>	<p>Cumprimentar os cuestionarios que soliciten.</p>	<p>- X. Dpto. Orientación</p>	<p>- cando o soliciten ao longo do curso</p>
<p>Elaborar o Plan de Acollida do Alumnado que se matricule de novo no centro.</p>	<p>Confección de dito Plan</p>	<p>- Dpto. de Orientación. - X. Dpto Orientación .</p>	<p>- Todo o curso</p>
<p>Colaborar na revisión do Programa de Habilidades Sociais aprobado no Centro .</p>	<p>Colaboración na revisión</p>	<p>- Dpto. de Orientación. - X. Dpto Orientación - Profesorado</p>	<p>- Todo o curso</p>

**TABOA II**

<b>OBXECTIVOS</b>	<b>ACTIVIDADES</b>	<b>FUNCIÓN</b>	<b>TEMPOR.</b>
<p>Detección e avaliación do alumnado para identificar as dificultades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo concretando pautas de intervención e colaboración cos equipos de orientación específicos se é o caso.</p> <p>Colaboración co Equipo de orientación Específico.</p>	<p>-Avaliación psicopedagóxica e intervención precisa ó alumnado con necesidade específica de apoio educativo</p> <p>-Coordinación de titores e profesores de apoio da atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo</p> <p>-Deseño, xunto co E.O.E. , de accións de Atención Temperá ás necesidades educativas específicas .</p>	<p>-Depto. Orientación</p> <p>-X. Dpto. Orientac.</p> <p>-Titores</p> <p>-P.T. /A.L.</p> <p>-X. Dpto. Oientación.</p> <p>-Dpto. Orientación.</p> <p>-Titores.</p> <p>-P.T. /A.L.</p>	<p>Todo o curso.</p> <p>Todo o curso.</p> <p>Todo o curso</p>
<p>Valorar as medidas de atención á diversidade de carácter ordinario e asesorar na cumprimentación académica .</p>	<p>Valorar as medidas de atención á diversidade de carácter ordinario.</p>	<p>-X. Dpto. Orientación</p> <p>-Titores.</p> <p>-P.T. / A.L.</p>	<p>Todo o curso.</p>



Colaborar na adopción de medidas extraordinarias de atención á diversidade e asesorar na cumprimentación académica .	-Asesoramento ós titores e mestres especialistas na realización e seguimento das A.C.s - Proceso a seguir no Centro con respecto á elaboración das A.C. s	-X.Dpto. Orientación. -Dpto. Orientación	Todo o curso.
Contribuír ó proceso de avaliación formativa de cada grupo.	-Participar nas reunións de avaliación.	-X.Dpto. Orientación. Titores	Os tres trimestres.
Aplicación dos diversos protocolos vixentes segundo diagnósticos específicos dos alumnos.	- Estudio e análise dos protocolos vixentes para a súa aplicación.	-X.Dpto. Orientación. - Titores	Os tres trimestres.
Poñer en marcha, cando se considere convinte; medidas que repercutan na prevención de futuras dificultades de aprendizaxe para facilitar a mellora do desenvolvemento das competencias básicas dos alumnos e alumnas .	- Proposta de elaboración de programas para o desenvolvemento das competencias básicas	-X Dpto. Orientación. -Dpto. Orientación. -Titores. -P.T. / A.L.	Todo o curso.

<p>Colaborar co profesorado titor na avaliación inicial do alumnado que comeza a súa escolarización para identificación temperá de necesidades educativas específicas do alumnado .</p>	<p>- Participar por demanda do titor para unha avaliación inicial no caso de necesitar unha avaliación máis específica.</p>	<p>- Dpto.Orientación. -X. Dpto. Orientación. -P.T. / A.L. - Titor / a .</p>	<p>Inicio do curso</p>
<p>Favorecer a adaptación persoal e grupal dos nenos /as que acoden por 1ª vez ao Centro .</p>	<p>- Organizar a xornada de acollida cos seus titores acudindo ás aulas dos alumnos que serán compañeiros no próximo curso. Sempre no caso de poder levala a cabo .</p>	<p>- Dpto.Orientación. - Titores / as dos C.Adsc. - Titores / as Centro.</p>	<p>Terceiro Trimestre</p>

**TABOA III**

<b>OBXECTIVOS</b>	<b>ACTIVIDADES</b>	<b>FUNCIÓN</b>	<b>TEMPOR.</b>
Potenciar a Orientación para todos.	- Observación de xeito sistemático das diferentes condutas, rasos, aprendizaxes,... de cada alumno/a empregando: Cuestionarios, rexistros, escalas de observación,...	- X. Dpto. Orientación. - Dpto. Orientación. - Titores.	Todo o curso.
Cofecer o rendemento académico do alumno/a en comparación coas súas potencialidades e coa media do grupo.	- Observación sistemática de cada alumno/a. - Detección de dificultades na aprendizaxe.	.-Titores. - X. Dpto. Orientación. - Dpto. Orientación. - Ídem.	Todo o curso.  Todo o curso.
Aportar, ó alumnado, información necesaria no relativo á toma de decisións nos momentos máis cruciais da súa escolaridade como é,por exemplo,o paso á E.S.O.	- Charlas informativas sobre a Etapa da E.S.O. dirixidas ó alumnado que cursa 6º de Primaria no IES Camilo José Cela.	- Dpto. de Orientación. - Profesorado de 6º,en colaboración co Dpto. de Orientación do I.E.S.	Todo o curso
Adoptar medidas de Atención á Diversidade	- Elaboración de medidas de reforzo e realización de A.C.	-X.Depto. Orientación. -Titores.. -Mestres especialistas.	Todo o curso

		-Xefatura Estudos.	
Potenciar a convivencia no marco da formación de cidadáns responsables autónomos e participativos , incorporando contidos relacionados coas habilidades sociais , a autoestima , a resolución pacífica de conflitos , a dinámica de grupos e a igualdade entre homes e mulleres .		- Titores. -X. Dpto. Orientación. - Dpto. Orientación.	Todo o curso
<b>OBXECTIVOS</b>	<b>ACTIVIDADES</b>	<b>FUNCIÓN</b>	<b>TEMPOR.</b>
Favorecer en idades temperás recursos para a mellora da linguaxe sempre que se considere necesario.	Programa de Estimulación da Fala en Infantil sempre que se considere necesario.	- Dpto. Orientación. - titores. A.L.	<b>Todo o curso</b>
Sensibilizar ao alumnado de que todas as persoas somos diferentes, utilizando distintos códigos para comunicarnos ben sexa de forma escrita e / ou oral	Intervención de titoría dentro da aula.	Dpto. Orientación. - titores	<b>Todo o curso</b>

Potenciar a posta en marcha de medidas preventivas para mellorar o clima de traballo e convivencia.	Intervención de tutoría dentro da aula.	Dpto. Orientación. - titores	<b>Todo o curso</b>
Impulsar actividades destinadas a adquirir as habilidades sociais necesarias para relacionarse, expresar os propios sentimentos e ideas, cooperar e traballar en equipo e favorecer o desenvolvemento da intelixencia emocional	Intervención de tutoría dentro da aula e especialmente cos profesorado que participa no grupo de traballo “ Intelixencia emocional “.	- titores	<b>Todo o curso</b>

**TABOA IV**

<b>OBXECTIVOS</b>	<b>ACTIVIDADES</b>	<b>FUNCIÓN DE</b>	<b>TEMPOR.</b>
Cooperar nas relacións Titores / Familias.	- Entrevistas. - Postas en común e intercambio de opinións na toma de decisións.	- Titor. - Familia. - X. Dpto. Orientación.	Todo o curso.
Asesorar as familias na educación dos seus fillos e fillas.	- Pautas referidas a hábitos de estudo, hixiene, autoestima , convivencia , respecto ás diferenzas educación en valores,...	- Dpto. Orientación. - Titores.	Todo o curso.
Informar e asesorar as familias do alumnado con necesidade específica de apoio educativo	- Informar aos pais / nais sobre resultados obtidos nas avaliacións psicopedagóxicas. - Informar aos pais/nais sobre as medidas a tomar con respecto ao alumnado con necesidades educativas especiais .	- Titores. - X. Dpto. Orientación.	Todo o curso.

### 7.11.2. Horario da coordinadora do Departamento de Orientación.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:35 - 09:45					Alum.trans.
09:45 - 10:35	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación	Garda de clase
10:35 - 11:25	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación
11:25 - 12:15	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación
12:15 - 12:45	Garda de recreo	Garda de recreo	Garda de recreo	Garda de recreo	Garda de recreo
12:45 - 13:05	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación
13:05 - 13:55	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación
13:55 - 14:45	Orientación	Reunión depart./equ.	Orientación	Orientación	Garda de clase
16:00 - 16:45		Reunión depart./equ.			
16:45 - 17:45		Tutoría país/alum			

Aínda así, e a modo de resumo, expoñemos a continuación, de xeito resumido, serie de integrantes do Departamento de Orientación, segundo o artigo 4º do Decreto 120/1998, do 23 de abril, onde se regula a orientación na nosa Comunidade Autónoma, estará formado por:

Xefa do Departamento: M<sup>a</sup> Dolores Vázquez Randulfe

Profesora de Pedagogía Terapéutica: Belén Rodríguez Conde

Profesora de Audición e Linguaxe: María Vieta Liñares

Profesora de Audición e Linguaxe: Marta González Estévez

Coordinadores de ciclo/nivel

Representante de infantil: Teresa Lourido Míguez

Representante do 1º nivel : Montserrat Ces Rodríguez

Representante do 2º nivel : María Busto Galego

Representante do 3º nivel: Benedicta Sandá Barbazán

Representante do 4º nivel: Belén Casal Pernas

Representante do 5º nivel: José Carlos Seca Vijande

Representante do 6º nivel: Lucía Frois Refojo

## 8. AULA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

### 1. INTRODUCCIÓN

O reto da escola debe consistir en ser capaz de ofrecer a cada alumno/a a axuda pedagóxica que necesite, axustando a intervención á individualidade do alumnado. A dificultade desta tarefa é evidente, pero é a única maneira de evitar que a escolarización non só non colabore a compensar as desigualdades, senon que incluso as aumente.

Así mesmo, establécese a posibilidade de realizar adaptacións e diversificacións curriculares en función das características e intensidade de estas necesidades. Isto significa, prever diferentes niveles de adaptacións e, polo tanto, de recursos tanto materiais como persoais necesarios para responder ás necesidades destes alumnos. De este modo, a nosa labor no sistema educativo e máis concretamente nos centros escolares é cada vez máis importante e imprescindible, posto que co noso traballo constituímos unha forma de atención a esta diversidade.

Neste documento reflíctense as estratexias a seguir, a metodoloxía, a temporalización, os obxectivos e a organización da resposta educativa. Expóñense as actuacións a realizar co alumnado que serán deseñadas sempre a partires dos principios de normalización e inclusión tal e como se recolle na normativa vixente .

No tocante ás datas do período escolar, contextualización do centro, o seu organigrama, as súas características, os recursos e a atención ao alumnado con NEAE (alumnado con necesidade específica de apoio educativo) remitímonos ao PEC, ao Plan Anual do Centro e ao Plan de apoio do DO (Departamento de Orientación).

### 2. ACTUACIÓNS DA MESTRA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

Tendo en conta, entre outras, por un lado a circular 10/2010 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais polas que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia para o curso 2019-2020 e seguindo o art. 84 do D.374/96 polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de Educación infantil e dos colexios de Educación Primaria as **funcións** da mestras especialista en pedagogía terapéutica son:

- a) Coordinar, en colaboración co xefe de estudos, as cuestións relacionadas coa educación e a estancia no centro dos alumnos con algún tipo de minusvalía física, psíquica ou sensorial.
- b) Colaborar coa comisión de coordinación pedagóxica na elaboración do plan de actuación respecto ao alumnado con necesidades educativas especiais.
- c) Orientar ao profesorado que imparta docencia aos alumnos con necesidades educativas especiais, así como a eles mesmos e aos pais sobre cuestións de interese para o seu desenvolvemento.



- d) Colaborar co profesor titor e co resto do profesorado na elaboración das adaptacións curriculares e no seguimento e avaliación das mesmas.
- e) Aqueloutras funcións que se lle puidesen asignar no ámbito de apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais.

Dentro dos **obxectivos** da miña actuación destaca a procura do desenvolvemento das capacidades cognitivas, motrices, comunicativas, emocionais e de inserción social do alumnado de educación primaria, constitúe o obxectivo fundamental da nosa actuación.

### **2.1 Obxectivos xerais:**

- Traballar e aportar todos os datos posibles á xefa do Departamento de Orientación para poder levar a cabo un diagnóstico precoz dos alumnos con n.e.e.
- Proporcionar ao alumno/a unha resposta educativa adecuada e de calidade que lle permita alcanzar o maior desenvolvemento persoal e social.
- Dinamiza-la integración dos/as alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo no centro.
- Favorecer aprendizaxes significativas, construtivas e funcionais.
- Ofrecer apoio ós/ás mestres/as do centro en relación a atención do alumnado con n.e.e.
- - Asesorar ás familias de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo proporcionando as orientacións precisas.

### **2.2 Obxectivos específicos:**

- Desenvolver a adquisición de técnicas instrumentais básicas: linguaxe oral, lectura, escritura, cálculo e razoamento.
- Favorecer o desenvolvemento socio-afectivo dos alumnos.
- Fomentar actitudes participativas.
- Mellorar as estratexias de procesamento da información.
- Axudar a desenvolver as competencias clave.
- Mellorar, en xeral, o rendemento escolar.
- Fomentar o desenvolvemento das competencias previas e básicas para a aprendizaxe de todas as áreas.
- Manter contactos periódicos cos titores e pais dos alumnos para xeneralizar logros ou contrastar dificultades engadidas.

- Traballar aqueles prerequisites básicos para a aprendizaxe (atención, memoria, percepción, razoamento lóxico-matemático...). Así como as súas Habilidades Sociais e hábitos de traballo.
- Desenvolver habilidades cognitivas básicas para o estudo: planificación do estudo, atención, concentración e memoria.
- Desenvolver estratexias que axuden a mellorar e asegurar a autoestima e autoconceito.
- Adquirir progresivamente o máximo nivel de autonomía persoal nas habilidades básicas da vida diaria.
- Favorecer a integración no grupo e a participación no desenrolo das clases.

### **2.3.ACTIVIDADES**

As actividades axustaranse en cada momento as necesidades específicas de cada alumno e levaranse a cabo dende unha filosofía lúdica, flexible e dinámica onde os alumnos aprenden mentres se divirten.

### **3. COMPETENCIAS CLAVE**

- Competencia en comunicación lingüística: Habilidade para expresarse de maneira oral e escrita en diferentes contextos e en situacións comunicativas diversas.
- Competencia matemática: Capacidade de utilizar modos matemáticos de pensamento e representación. Trátase de saber aplicar os principios e os procesos matemáticos básicos en situacións da vida diaria.
- Competencia científico-tecnolóxica: Habilidade para comprender os principios básicos da natureza dos conceptos, principios e métodos científicos fundamentais e dos produtos e procesos tecnolóxicos.
- Competencia dixital: A competencia dixital entraña o uso seguro e crítico das tecnoloxías da sociedade da información para o traballo, o ocio e a comunicación.
- Competencia social e cidadán: Refírese as formas de comportamento que preparan aos alumnos/as para participar dunha maneira eficaz e construtiva na vida social e profesional e, no seu caso, para resolver conflitos.
- Competencia artística e cultural: Expresión de un mesmo a través de distintos medios grazas ás capacidades individuais.
- Competencia para aprender a aprender: Habilidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nela.

- Competencias referidas ao ámbito da relación e a interacción: Habilidades para interactuar cos demais dun xeito adecuado, respetuoso e positivo.
- Autonomía e iniciativa personal: Adquisición da conciencia e aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais interrelacionadas así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir riscos.

#### **4. ORGANIZACIÓN DA RESPOSTA EDUCATIVA**

A resposta educativa ás necesidades do alumnado terá como referentes, ademais da lexislación vixente, o PEC, PAD (Plan de Atención á Diversidade) e PAT do centro. Realizarase coordinadamente entre os distintos profesionais que participan na atención do mesmo, propiciando un fluído intercambio de información e o establecemento de pautas de actuación conxuntas sempre dentro dun marco de colaboración e respecto mutuo.

A **metodoloxía** que se utilizarán nas aulas de apoio e/ou da especialista en PT dentro da aula ordinaria basearase nos seguintes principios de intervención:

- Partir do nivel de competencia curricular e de desenvolvemento do/a alumno/a.
- A mestra actuará como mediadora no proceso de construción da aprendizaxe, axudando ao alumnado a descubrir, interiorizar e transferir novas e mellores estratexias cognitivas, coa conseguinte repercusión emocional.
- Axudar a que o/a alumno/a sexa o/a precursor/a da súa propia aprendizaxe.
- Procurar que as aprendizaxes sexan significativas e funcionais.
- Organizar os contidos mediante un enfoque globalizador.
- Considerar o xogo como recurso.

Os **recursos materiais** serán elixidos en función das necesidades que presenta cada alumno/a e dos obxectivos que se pretenden acadar. Considérase fundamental que a través deles se consiga a participación activa dos/as nenos/as e a motivación necesaria para levar a cabo con éxito o plan de intervención.

As aulas de apoio dispoñen de materiais que reúnen estas características, entre os que destacan: Tangram, puzzles, quebracabezas, construcións con guía, xogos de memoria ... pero se fora preciso tamén adaptaríanse, elaboraríanse e/ou conseguiríanse outros para traballar aqueles aspectos máis específicos que puideran xurdir en cada caso.

Entre os **recursos humanos** contaremos cos titores/as, profesorado especialista en diferentes materias, departamento de orientación, orientadora, profesionais doutros organismos ou institucións, equipo específico, etc...

A **temporalización** é variable en función das necesidades xa que en calquera momento ou aparecen novos casos ou é preciso modificar as respostas educativas xa existentes.

No tocante á **avaliación**, esta constará de tres momentos: inicial, continua, formativa e final, constituíndo un proceso continuado, nin puntual nin illado, onde se achegará unha información valiosa.

A avaliación **inicial** axudará a coñecer o punto de partida do alumnado: capacidades adquiridas, dificultades que presentan, estilo cognitivo, etc ... Nesta fase considérase imprescindible a lectura detallada do informe psicopedagóxico do/a alumno/a.

Coa avaliación **formativa e continua** comprobarase a evolución do alumnado, a detección de novas necesidades grupos ou individuais así como a efectividade do programa de intervención que se está a desenvolver.

A avaliación **final** informará do grao de adquisición dos obxectivos así como a detección de deficiencias no mesmo de cara ao vindeiro curso.

Este proceso de avaliación debe abarcar a alumnado e profesorado, xa que a práctica educativa engloba a ambos, e achega datos que poden servir para modificar aqueles aspectos deficitarios, enriquecer con outros ou abrir novas vías de actuación (Orde do 31 de outubro de 1996- avaliación psicopedagóxica).

Serán obxecto de avaliación:

- O grao de consecución dos obxectivos.
- z) A pertinencia das actividades e estratexias propostas e deseñadas.
- aa) As modificacións realizadas durante o proceso no desenvolvemento do plan e a súa efectividade.

Serán **instrumentos e técnicas de avaliación**:

- A observación dos cambios producidos no alumnado a través de rexistros, diarios, entrevistas co profesorado, probas, traballos e producións do/a alumno/a, ...

- As sesións de avaliación, as sesións de Claustro e da Comisión de Coordinación Pedagóxica para recoller a opinión de profesorado e alumnado sobre a actuación dos membros do departamento e calquera outra reunión de carácter informal que se produza.

bb) A análise das actas de reunións do departamento de orientación.

cc) A análise dos informes realizados e revisión dos mesmos.

dd) A memoria final.

A fin de curso realizarase un informe individualizado de cada alumno no que se pormenorizará, entre outras cuestións, as actividades realizadas, os recursos empregados, a consecución ou non dos obxectivos propostos e as recomendacións que se consideren para o futuro. Estes informes arquivaranse no Dpto. de Orientación. A **modalidade de apoio** realizarase fóra da aula ordinaria para realizar aqueles plans de intervención que polo seu deseño, de carácter moi personalizado, non poden ser levados a cabo dentro da mesma.

Cando o apoio teña lugar dentro da aula ordinaria seguirán observándose os mesmos principios metodolóxicos xa mencionados anteriormente.

## 9. AULA DE AUDICIÓN E LINGUAXE

### 1. XUSTIFICACIÓN

Todas as persoas necesitamos comunicarnos como forma de relación e interacción social. Ademais, esta capacidade permítenos acceder a novas experiencias, coñecer novas realidades... O alumnado de infantil e primaria accede ao mundo que lle rodea e adquire novas aprendizaxes grazas á comunicación polo que se existe calquera alteración na voz, fala ou linguaxe podería afectar ao proceso de ensinanza e aprendizaxe e /ou á relación cos seus iguais ou o seu entorno.

Se a linguaxe, a voz e a fala son importantes tamén o é a lingua, xa que a barreira do idioma pode dificultar en gran medida o acceso ao currículo. Desde o curso pasado, ademais, existe alumnado estranxeiro con descoñecemento das dúas linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma polo que tal e como nos indica a Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro levarase a cabo un Grupo de Adquisición de Linguas.

Por outra banda, a lectoescritura é un pilar básico para o correcto desenvolvemento dos obxectivos e estándares establecidos nas lexislacións actuais e é un feito, que se non existe unha boa competencia lectora vai a afectar en grande medida a todas as materias curriculares. É por iso, que como Mestres de Audición e Linguaxe debemos intervir sobre estas necesidades para garantir a equidade e integración do alumnado.

### 2. OBXECTIVOS

#### A) Obxectivos xerais:

- Potenciar as 3 dimensións da linguaxe: forma, contido e uso na súa forma oral e escrita.
- Dar a coñecer unha ou as dúas linguas da nosa contorna.

#### B) Específicos:

- Da linguaxe

- a. En canto á forma:
    - i. Desenvolver a fonética e fonoloxía tanto na fala como na escrita.
    - ii. Adquirir unha boa sintaxe na fala e na construcións de oracións e/ou textos a nivel escrito.
  - b. En canto ao contido: desenvolver a semántica e tentar ter un vocabulario acorde co nivel educativo
  - c. En canto ao uso: Desenvolver a pragmática é dicir, a reciprocidade da información, o contexto, etc
- Da lingua:
- a. Aprender vocabulario do noso idioma partindo do máis cercano.
  - b. Contextualizar todo o aprendido dentro da nosa cultura.

### 3. PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN DO ALUMNADO

CADRO RESUMO DAS NECESIDADES DO ALUMNADO			
Dislalias	Dif. Lectoescritura	TEA	Procedencia estranxeira
3 alumn@s	10 alumn@s	1 alumno	1 alumna

### 4. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

A avaliación forma parte dun proceso moi importante xa que nos permite reflexionar e tomar as decisións pertinentes para mellorar a presente programación así como o proceso de ensinanza e aprendizaxe que se está levando a cabo. Esta programación é revisable é reversible, xa que ao longo do curso pode ter variacións en función das necesidades do alumnado que presentamos ou novas incorporacións que poidan ir xurdindo.

Ao longo de todo o curso deberemos ir avaliando:

- se cumpriron os obxectivos que propoñiamos inicialmente en cada un dos nosos alumnos/as.

- Se se acadaron os contidos que estiveron propostos para os alumnos/as no presente curso académico.
- Se se realizaron as actividades propostas.
- Se a metodoloxía empregada foi a axeitada.

## 10. FORMACIÓN DO PROFESORADO

Durante este curso escolar 2019-2020 o CEIP Flavia formará parte dun PFPP (Plan de Formación Permanente do Profesorado) no que se inclúen:

- ✚ Programa de EDUCACIÓN RESPONSABLE: traballo emocional e desenvolvemento da creatividade.(ano III)
- ✚ E todos aqueles cursos de formación que o profesorado realice a través doutras institucións.
- ✚ Formación en Educación Afectivo-sexual a cargo de Belén Montesa e o teatro Chévere.

## 11. DOCUMENTOS DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO

### 11.1 ÓRGANOS UNIPERSOAIS

- ✓ Dirección: Ana Villar López
- ✓ Xefatura de Estudos: Rosario Villar Rodríguez
- ✓ Secretaria: Belén Casal Pernas

Os órganos unipersoais de goberno constitúen o equipo directivo do centro e traballan de forma coordinada no desempeño das súas funcións. As súas competencias son as que figuran no Decreto 374/1996, D.O.G. nº 206 do 21/10/96.

### 11.2. ÓRGANOS COLEXIADOS

A) Claustro de mestres/as: Está integrado maioritariamente por profesorado con destino definitivo no centro.

O claustro do CEIP Flavia fórmano:

- 4 mestras de Educación Infantil
- 11 mestres/as de Primaria
- 2 Especialistas en Educación Física
- 2 Especialistas en Lingua Inglesa
- 1 Especialista en Educación Musical

- 1 Mestre de relixión
- 1 Orientadora
- 1 Mestra de Pedagogía Terapéutica
- 2 Mestres de Audición e Linguaxe unha delas compartida coas unitarias adscritas.

B) Consello Escolar: a súa composición e funcións veñen determinadas no Decreto 374/1996. Reúnese ordinariamente unha vez por trimestre e ademais en tódalas ocasións que se considere conveniente.

MEMBROS	FUNCIÓN
Ana Villar López	Directora e presidenta
Rosario Villar Rodríguez	Xefatura de estudos
Belén Casal Pernas	Secretaria
Lucía Frois Refojo	Representante do profesorado
Alexandra Carracedo Hermida	Representante do profesorado
Carlos Seca Vijande	Representante do profesorado
Jesús Manuel Rodríguez Carril	Representante do profesorado
Isabel Oliveira Ruzo	Representante do profesorado
Carlos Pérez Arca	Presidente da ANPA
Vanessa González Gómez	Representante das nais/pais
Begoña Rial Angueira	Representante das nais/pais
Elsa Calo Rodríguez	Representante de nais/pais
Marcos Antonio Mourelle Romero	Representante das nais/pais
José Tubío Fuentes	Representate persoal non docente
Lorena Couso Dopazo	Representante do concello

### 11.3 ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

#### 11.3.1.Adscrición do profesorado:



4º EI	Olalla Mallo Serrano
5º EI	Isabel Oliveira Ruzo
6º EI	Mª Teresa Lourido Míguez
Apoio EI	Silvia Sanmartín Castro
1º A	Montserrat Ces Rodríguez
2º A	María Busto Gallego
2º B	Diego Pérez Castro
3º A	Mª Benedicta Sandá Barbazán
3º B	Teresa Sixto Rey
4º A	Mª Belén Casal Pernas
4º B	Mónica Fontaiña Losada
5º A	José Carlos Seca Vijande
5º B	Rosario Villar Rodríguez
6º A	Lucía Frois Refojo
6º B	Ana Villar López
Orientación	Mª Dolores Vázquez Randulfe
PT	Belén Rodríguez Conde
AL	Maria Vieito Liñares
AL	Marta González Estévez
EF	Xesús Manuel Rodríguez Carril
EF	Ana Leyes Bastida
Inglés	Mª Carmen Bermúdez Pérez
Inglés	Alexandra Carracedo Hermida
Relixión	Rafael Mosteiro Zapata

### 11.3.2 Número de alumnado no centro

3 anos	24
4 anos	21
5 anos	22
1ºA	16
2ºA	19
2ºB	19
3ºA	17
3ºB	16
4ºA	19
4ºB	18
5ºA	24
5ºB	25
6ºA	16
6ºB	15

#### 11.4 EQUIPOS

Cadro de reunión dos diferentes equipos

1º MARTES	BIBLIOTECA/EDL/EXTRAESCOLARES/TICS
2º MARTES	CICLOS/NIVEIS
3º MARTES	DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
4º MARTES	CCP

Haberá  
un  
cadro de

reunións que se entregará trimestralmente das diferentes reunións.

<b>Equipo de biblioteca</b>	<b>EDL</b>	<b>Equipo de extraescolares</b>	<b>Equipo TICS</b>
<b>Coordinadora: Ana Leyes</b>	<b>Coordinador: Diego</b>	<b>Coordinadora: Marta</b>	<b>Coordinadora: María</b>
<b>Rafa</b>	<b>María B</b>	<b>Bene</b>	<b>Suso</b>
<b>Nuria</b>	<b>Teresa</b>	<b>Lucía</b>	<b>Rosario</b>
<b>Alex</b>	<b>Belén</b>	<b>Carlos</b>	
<b>Olalla</b>	<b>Ana</b>	<b>Isabel</b>	
<b>Belén</b>			

#### **COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓGICA**

ORIENTACIÓN: Dolores Vázquez Randulfe.  
 DIRECCIÓN: Ana Villar López.  
 XEFATURA DE ESTUDOS: Rosario Villar Rodríguez.  
 COORDINADORA BIBLIOTECA: Ana Leyes Bastida.  
 COORDINADOR EDL: Diego Pérez Castro.  
 COORDINADORA INFANTIL: Teresa Lourido Míguez.  
 1º NIVEL: Monteserrat Rodríguez Ces.  
 2º NIVEL: María Busto Galego.  
 3º NIVEL: Benedicta Sandá Barbazán.  
 4º NIVEL: Belén Casal Pernas.  
 5º NIVEL: José Carlos Seca Vijande.  
 6º NIVEL: Lucía Frois Refojo.

Obxectivos:

1. Coordina-la elaboración das programacións didácticas e a implementación daqueles aspectos concretos que impliquen ao conxunto do centro.
2. Potenciar e apoiar a implementación de medidas de atención á diversidade.
3. Coordinar e secuenciar as propostas de traballo dos diferentes equipos docentes.
4. Elaborar suxestións para o Plan de acción tutorial e o Plan de orientación.

5. Colaborar no fomento dun clima de convivencia positiva.

6. Promover a innovación pedagóxica, o traballo interdisciplinar, a dinamización Tic e o traballo cooperativo do profesorado.

#### 11.5 Outros

#### COMISIÓN DE CONVIVENCIA

1. PRESIDENTA: Ana Villar López.
2. VICEPRESIDENTE: Rosario Villar Rodríguez.
3. SECRETARIA: Jesús Manuel Rodríguez Carril.
4. Dolores Vázquez Randulfe.
5. Isabel Oliveira Ruzo.
6. José Tubio Fuentes.
7. Begoña Rial Angueira.
8. Marcos Antonio Mourelle Romero.

#### REPRESENTANTE DE COEDUCACIÓN

- Lucía Frois Refojo.

#### 12. ATENCIÓN AO TEMPO DE RECREO

O cadro diario de quendas

A vixancia dos recreos queda do seguinte xeito:

- ✚ Educación Infantil, será atendido polos titores de Educación Infantil e mestres que imparten docencia nesa etapa.
- ✚ Educación primaria, será atendido polos titores de primaria e especialistas.
- ✚ Biblioteca durante os recreos será atendida polos mestres de primaria ou especialistas que forman parte do equipo de biblioteca.

Os grupos de recreo repártense en días fixos de luns a venres e os xoves e venres fanse reparto de gardas.

#### 13. HORARIOS.

### 13.1 Horarios de recreo

GRUPOS DE RECREO A	GRUPO DE RECREO B	GRUPO DE RECREO C
SILVIA MARTA MARÍA BUSTO CARLOS LOLÓ ANA BENE MARÍA	ISA RAFA ALEX MÓNICA TERE CHARO BELÉN R. SUSO	TERESA OLALLA DIEGO M <sup>ª</sup> CARMEN BELÉN LUCÍA NURIA MONTSERRAT

### 13.2 DO PROFESORADO

HORARIO DO PROFESORADO:
<p>Horario de docencia directa: diariamente de 9:45 a 14:45 horas, segundo horarios individuais que se remitirán ao Servizo de Inspección Educativa da Delegación Provincial da Consellería de Educación e O.U.</p> <p>Todos os días de 9:35 a 9:45 atención ao alumnado transportado, segundo calendario de gardas.</p> <p>Os martes de 16:00 a 16:45 reunións dos diferentes equipos e ciclos.</p> <p>De 16:45 a 17:45 atención a pais/nais.</p> <p>Os martes de a partir das 18:00h outras reunión.</p> <p>De 15:45 a 17:00h atención á biblioteca en horario de tarde segundo o calendario mensual de gardas.</p>

### 13.3 EQUIPO DIRECTIVO. ATENCIÓN ÁS FAMILIAS

HORARIO DE ATENCIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO ÁS FAMILIAS					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
09:45-10:35	Dirección		Dirección	Dirección Secretaría	Dirección
10:35-11:25	Dirección	Dirección			
11:25-12:15					
13:05-13:55	Secretaría Xefatura		Xefatura		Xefatura
13:55-14:45		Xefatura Secretaría	Secretaría		Secretaría

#### 13.4 HORARIO DO ALUMNADO

Establécese de 12:45 a 13:05 un tempo de lectura diario para o alumnado que se enmarca dentro do Plan Lector.

HORARIO DO ALUMNADO	
9:35-9:45	ENTRADA NO RECINTO E ATENCIÓN AO ALUMNADO TRANSPORTADO.
1ª SESIÓN	9:45-10:35
2ª SESIÓN	10:35-11:25
3ª SESIÓN	11:25-12:15
RECREO	12:15-12:45
Plan lector	12:45-13:55
4ª SESIÓN	13:05-13:55
5ª SESIÓN	13:55-14:45

#### HORARIO DO COMEDOR

Luns, mércores, xoves e venres de 14:45 a 15:45

Martes de 14:45 a 16:15

#### 13.5 DOS MARTES POLA TARDE

#### HORARIO MARTES POLA TARDE

15:55-16:45	Reunións ciclos, equipos e niveis
16:45-17:45	Titorías pais
17:45-20:00	Claustros, Consellos escolares e outras reunión.

#### 14. DÍA NON LECTIVOS

21 DE FEBREIRO día solicitado polo centro como non lectivo

## 15. CALENDARIO DE AVALIACIÓN

<b>DATAS DE AVALIACIÓN</b>	
<b>1º AVALIACIÓN:</b>	
<b>3 DE DECEMBRO: AVALIACIÓN DO ALUMNADO CON ADAPTACIÓN CURRICULAR</b>	
<b>10 DE DECEMBRO: EI, 1º, 2º E 3º</b>	<b>17 DE DECEMBRO: 4º,5 E 6º</b>
<b>2º AVALIACION</b>	
<b>17 MARZO: AVALIACIÓN DO ALUMNADO CON ADAPTACIÓN CURRICULAR</b>	
<b>24 DE MARZO: 1º,2,º,3º EI</b>	<b>31 DE MARZO: 5º, 6º E 4º</b>
<b>3º AVALIACIÓN:</b>	
<b>2 DE XUÑO: AVALIACIÓN DO ALUMNADO CON ADAPTACIÓN CURRICULAR</b>	
<b>9 DE XUÑO 2º, EI,3º e 1º</b>	<b>16 DE XUÑO 6º,4º,5º</b>

## 16. COMISIÓN DE AVALIACIÓN DE 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Segundo a instrución da Dirección Xeral de Educación a comisión quedará formada por:

- Directora: Ana Villar López.
- Xefa de Estudos: Rosario Villar Rodríguez.
- Xefa do D.O: Dolores Vázquez Randulfe.
- Titora de terceiro: Benedicta Sandá Barbazán.

## 17. RESULTADO DA AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA DE 3º CURSO 2018-2019

As probas avaliaron 5 competencias: a lingüística tanto en castelán como en galego e lingua estranxeira, matemática e ciencia e tecnoloxía a data de hoxe non temos os resultados de dita proba.

## 18. PLANS E PROXECTOS DO CENTRO PARA O CURSO 2019-2020

- Como segunda lingua estranxeira Francés en sexto de Primaria como materia de Libre Configuración.
- Plan de Igualdade. Programa Educación Afectivo-Sexual.
- Club de Letras(sollicitado).
- Plan de Drogodependencia.

- Plan Director para a mellora da Convivencia da Seguridade nos Centros Educativos e nos súas contornas” Centrado no ámbito dos perigos no mal uso das novas tecnoloxías e da prevención do consumo de drogas e alcol.
- Programa de Educación Responsable desenvolvemento da educación emocional e creatividade. Ano III
- Programa ALIMÉNTATE BEN do FOGGA.
- Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares.
- Contrato-programa: Mellora da convivencia.
- Fundación Meniños. Viaxe ao mundo das emocións.
- Encontros familia e escola.
- Prensa escola.

#### 19. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

- Obradoiros Educación afectivo-sexual para o alumnado de 4º,5º e 6º de primaria e para as familias de 6º en outubro e novembro.
- Xogos populares a cargo de Voluntarios do Concello para de 1º a 5º E.P os días 15,16,17 e 24 de outubro.
- Obradoiro de ASEFOGA para 5º de primaria 18 de outubro.
- Magosto o 30 de outubro coa colaboración dos Voluntariado enviados polo Concello.
- Museos científicos da Coruña o 13 de novembro alumnado de 5º e 6º EP.
- Saída de piragüismo no último trimestre alumnado de 6º de EP.
- Concertos didácticos en Santiago no 2º e 3º trimestre para EI e EP.
- Coro do IES Antón Fraguas no Auditorio de Padrón o 5 de decembro EI e EP.
- Coro das emocións 8 de maio 2020 alumnado 6º EP.

Realizaranse saídas didácticas ou de convivencia que se farán ao longo do curso que están aínda sen determinar.

E ademais participaremos activamente nas actividades propostas no centro e nas actividades conmemorativas propostas polo EDL e o Equipo de Extraescolares, e aquelas que outros organismos nos ofrezan e sexan de interese para o alumnado.

#### 20. PLAN DE ORGANIZACIÓN DO PERSOAL NON DOCENTE

##### 20.1 O Conserxe.

O horario laboral do Conserxe é de 9:00 a 14:00 horas e de 15:00 a 17:00 horas. O seu plano de traballo é o que se detalla a continuación:



HORARIO	TAREFAS
Ás 09:00h	Abrir as portas de acceso ó recinto escolar e os servizos exteriores. Control e atención ós alumnos e transporte escolar.
5 min. antes das horas de entradas e saídas (mañá, recreo e tarde):	Abrir as portas do edificio para o acceso dos alumnos.
10 min. despois das horas de entradas e saídas:	Pechar as portas de acceso ó edificio e recinto escolar
Desde a hora de entrada da mañá ata o recreo:	Mantemento interior do colexio. Tarefas propias de conserxería.
Durante o recreo:	Tarefas propias de conserxería. Tarefas de atención ó profesorado.
Despois do recreo:	Correo. Mantemento interior do colexio. Tarefas propias de conserxería.
No horario de tarde:	Abrir e pechar portas igual que pola mañá. Mantemento exterior do colexio. Tarefas propias de conserxería.

A Dirección do Centro concretará as tarefas ou labores que considere oportunas en cada momento.

b) Coidadora.

O seu horario foi elaborado polo dep. de Orientación e está supeditado aos alumnos ao seu cargo. Entrará na aulas en función de como se estableceron os apoios e atenderá as demandas puntuais por parte dos titores.

c) Persoal limpeza

O horario é de 16:30 H a 20:30 h. O seu plano de traballo será concretado a principios de curso pola Dirección do Centro, quen comunicará tamén calquera modificación posterior que se estime oportuna para mellorar o servizo.

d) Persoal de cociña

O horario é de 9:30 h a 17:00 h. O seu plano de traballo virá determinado pola directora do Centro ou polo responsable de Comedor no que delegue.

## 21. COMEDOR ESCOLAR

O comedor escolar é un servizo complementario de carácter educativo que cumpre unha función social e ademais unha función educativa.. Este comprende os servizos de xantar e atención ós usuarios nos períodos de tempo libre anterior e posterior. Tamén fomenta programas de promoción da saúde, alimentarios e habilidades persoais.

### 21.1 REGULAMENTO E FUNCIONAMENTO:

O comedor está rexido segundo a normativa vixente que regula o funcionamento de comedores escolares financiados con fondos públicos da consellería de Educación e O.U.; Orde do 21 de febreiro do 2007, Orde do 13 de xuño do 2008 e Decreto 31 de agosto de 2013 as instrucións do 1 / 2014 de c5 de xuño que regulan a organización e funcionamento, e o Decreto 374 que regula o pagamento.

No noso Centro funciona un comedor escolar de xestión directa con persoal dependente da Consellería de Educación, modalidade A. Está atendido por pais/nais colaboradores que fan as tarefas de coidado e vixilancia no xantar e tempo posterior ó mesmo; o número de estes ven determinado na anterior Orde, un total de 8 colaboradores/as pais/nais de alumnos/as.

Tódolos alumnos comen nunha quenda (14:45- 15:45)

Encadrado na clase C.

Persoal de cociña: 1 oficial e 2 axudantes

Comen tódolos alumnos que solicitaron o servizo de comedor, con gratuidade total para tódolos alumnos transportados integrados na area de influencia do Centro, a excepción dos que son transportados e viven a menos de 2Km do Centro.

O pagamento do servizo de comedor queda regulado polo Decreto 31 de agosto de 2013 e as instrucións 1/2014 de 5 de xuño.

Menús:

As familias reciben mensualmente a información sobre o menú escolar, tamén está a disposición na web do colexio. Son variados estando formados por un primeiro e segundo prato e sobremesa. As verduras, legumes, peixe e carne son a base dos menús.

Obxectivos:

Xerais:

- Desenvolver e fomentar hábitos saudables dende a escola .
- Educar nutricionalmente.
- Ensinar un comportamento social e ser centro de desenvolvemento de habilidades e de convivencia.
- Cubrir unha parte importante das necesidades nutricionais dos nenos/as proporcionando menús saudables, que xunto co resto das comidas do día deben achegar o resto das cantidades necesarias para un aporte enerxético diario.
- Enriquecer ós nenos e nenas na cultura dos gustos, sabores e texturas.

Outros obxectivos:

- Fomentar e crear e hábitos de hixiene e limpeza: lavar as mans antes de comer .....
- Manter unha postura correcta na cadeira mentres se come.
- Mostrar unha actitude positiva ante a comida e non de rexeitamento.
- Utilizar correctamente os cubertos e o pano para limpase.
- Manter un orde e bo comportamento na mesa.

## 21.2 NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR

1. O Comedor Escolar comezará o segundo día lectivo do mes de setembro por motivos de organización e finalizará o último día lectivo do mes de xuño.
2. As estratexias de adaptación ó Centro que se programan para os alumnos de tres anos no inicio do curso forman parte do período de adaptación é por iso que animamos ás familias que respecten tamén o período de adaptación dos seus fillos e fillas ao comedor escolar, pola ansiedade que lles produce nos primeiros días, a asistencia paulatina ao comedor.
3. Todos os alumnos que precisen Servizo de Comedor teñen que solicitalo mediante o impreso que se lles facilitará en Secretaría e que se fará chegar ao alumnado que xa está matriculado no centro a finais de cada curso escolar, de xeito que poidan solicitar a renovación deste servizo para o curso seguinte.
4. A cantidade a aboar será a fixada anualmente pola Consellería de Educación.
5. O impago da cota de Comedor por parte do/a alumno/a, así como a morosidade continuada da mesma, poderá ser causa de baixa do Servizo de Comedor Escolar
6. Para darse de baixa voluntaria do servizo de comedor, será necesario facelo por escrito na secretaría do Centro cunha semana de antelación.

7. Para facilitar o desenvolvemento axeitado do período do comedor ata a hora de saída o alumnado permanecerá no comedor sendo recollido nese preciso instante e nunca antes agás casos moi excepcionais. Para iso será necesario unha notificación previa por escrito, da causa excepcional da saída e presentarse persoalmente a recolle-lo alumno/a e posterior firma do documento de recollida existente ó respecto.
8. O alumnado Primaria (5º e 6º) poderán saír sos, previa autorización dos seus pais por escrito. Os demais alumnos deberán ser recollidos na porta do centro polos seus pais ou persoas autorizadas (salvo o alumnado usuario do transporte escolar).
9. O horario establecido de saída do comedor é o horario do centro, polo que ningún alumno ou alumna poderá saír antes da hora establecida. Só por causa debidamente xustificada e en momentos puntuais, unha vez consultado coa dirección do centro, poderá saír antes do horario habitual.

En ningún caso se administrarán medicamentos ós nenos que asisten ao Comedor. En caso necesario, arbitrase a maneira de que os pais ou titores do alumno/a poidan acceder ó Centro para administrarlles os medicamentos. Para iso deberán pórse en contacto coa Dirección.

O incumprimento por parte dos alumnos das Normas de Funcionamento e de Convivencia do Comedor, así como o impago das mensualidades, pode chegar a supor a baixa no Servizo de Comedor de forma temporal ou definitiva. Para calquera tema relacionado co Comedor, deben dirixirse á Dirección do Centro.

### 21.3 NORMAS DE CONVIVENCIA DO COMEDOR.

Con carácter xeral, as actividades do Comedor escolar rexeranse polo regulamento de réxime Interior, recollido no noso Proxecto Educativo de Centro. Son normas específicas do Comedor: ·

- 1 Porase especial coidado na correcta utilización dos cubertos, así como no uso do pano de mesa.
- 2 Non se pode tirar pan, auga ou restos de comida ó chan nin a outros alumnos

#### Organización e comportamento

1. A entrada ó Comedor farase por grupos en fila, con orde e tranquilidade, sen correr, sen empurrar ós compañeiros nin berrar.
2. Os alumnos sentaranse nos lugares que lles serán asignados,
3. Deberase respectar todo o material e utensilios, sendo os alumnos responsables do seu deterioro por mal uso.

4. Deberán permanecer correctamente sentados en todo momento, sen xogar nin balancearse nas cadeiras nin moverse do seu sitio. No poderán levantarse. Para chamar ós/as monitores/as, deberán facelo levantando a man ata seren atendidos.

5. É moi importante comer nun ambiente tranquilo e relaxado, polo que nunca se dirixirán ós demais berrando, senón falando nun ton de voz axeitado. Non está permitido falar con alumnos de outras mesas.

6. En caso de que se considere oportuno, por razóns estritamente educativas, os alumnos colaborarán, na medida das súas posibilidades, co Servizo do Comedor.

7. Os alumnos están obrigados a respectar ó persoal laboral (Cociñeiro/a, coidadores,...) nos mesmos termos que ó profesorado do Centro: deben obedecerlles e seguir as súas indicacións.

8. Cando se acabe de comer, esperarán en silencio que se lles indique o momento da saída, que se fará nos mesmos termos que a entrada.

9. O alumnado non poderá ser recollido antes do horario agás casos excepcionais debidamente documentados.

Tempo de lecer:

Sempre que a organización temporal do comedor o permita, poderanse establecer momentos de lecer despois do comedor, antes da hora de saída do centro. Durante ese tempo:

1. Cada grupo permanecerá no lugar asignado baixo a supervisión do/a monitor/a e realizando a actividade programada.

2. Non se permite a práctica de xogos perigosos, entendéndose por tales aqueles que podan por en perigo a integridade física das persoas.

#### 21.4 FALTAS E SANCIÓN S

Dado que o comedor é una parte integrante da dinámica educativa do centro, de acordo co recollido no noso Proxecto Educativo, establécese o seguinte rango de faltas de comportamento, que irán sempre acompañadas dun PARTE DE INCIDENCIAS

1. Faltas leves a) Considéranse faltas leves:

- Desobedecer levemente ás indicacións do Persoal de Cociña e Comedor..
- Entrar ou saír do Comedor desordenadamente.
- Entrar ó Comedor con obxectos non permitidos
- Non comer con corrección ou non facer uso axeitado dos utensilios (cubertos, pano de mesa ...)

- Permanecer mal sentados o randear na cadeira.
- Facer ruído, berrar ou falar con alumnos de outras mesas.
- Calquera outra conduta que afecte levemente ó respecto, á integridade ou á saúde da persoas.

b) Sancións: Estas sancións poderán ser impostas polo Persoal do Comedor.

- Amoestación verbal ó alumno. No caso de reiteración, comunicación por escrito ós pais.
- Separación temporal do grupo de referencia (ou da súa mesa de comedor) integración en outro.
- Perda do dereito a participar en xogos ou actividades de lecer (no caso de que se tivesen programado para esa xornada).
- Realización de tarefas relacionadas coa falta cometida.

2. Faltas graves a) Considéranse faltas graves:

1. Acumulación de tres faltas leves.
2. Desobedecer gravemente as indicacións do Persoal de Cociña ou Comedor.
3. Deteriorar a propósito ou por mal uso o material propio do Comedor.
4. Tirar intencionadamente comida ó chan ou a outros/as compañeiros/as.
5. Calquera outra conduta que afecte gravemente ó respecto, á integridade ou á saúde das persoas.

b) Sancións: Estas sancións poderán ser impostas polo Equipo Directivo do Centro e serán comunicadas ós pais. Calquera das contempladas para as faltas leves. Ademais: 1. Comunicación por escrito da amoestación do/a alumno/a ós seus pais . 2.Separación permanente do grupo de referencia ou da súa mesa de Comedor.

3. Comer illado dos/as compañeiros/as (ata 5 días).

4. Expulsión temporal do Comedor (ata 5 días).

3. Faltas moi graves a) Considéranse faltas moi graves:

1. Acumulación de tres faltas graves.

2. Calquera outra conduta que afecte moi gravemente ó respecto, á integridade ou á saúde das persoas.

b) Sancións: Esta última sanción poderá ser imposta pola Comisión de Convivencia do Consello Escolar do Centro, previa audiencia cos pais. Calquera das contempladas para as faltas graves. Ademais:

1. Expulsión temporal do comedor (de 5 días a 1 mes).
2. Expulsión definitiva do Comedor.

Existe no comedor escolar un libro de incidencias onde cada colaborador/a anota os distintos acontecementos que deben ser resaltados.

## 22. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO:

O Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

ORDE do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Esta normativa regula o uso das instalacións do centro. Para iso sempre que se queiran realizar actividades fóra do horario docente como son actividades deportivas ou extraescolares terase que solicitar por escrito á dirección do centro.

No CEIP Flavia neste momento son utilizadas polos alumnos e alumnas fóra do horario lectivo nas actividades realizadas pola ANPA: o comedor pequeno, o ximnasio e os aseos de fóra.

### 22.1. Mellora das instalacións

1. Mellorar o parque de infantil.
2. Arranxo das gradas do patio de abaixo.
3. Actualizar os distintos equipos informáticos do Centro.
4. Cambiar as ventás do edificio.
5. Renovar os aseos do Centro .
6. Necesidade de arranxar o tellado.
7. O edificio non conta coas instalacións necesarias para salvar as barreiras arquitectónicas. Carece de ascensor, ramplas ... para que poidan acceder persoas con discapacidade.
8. Necesidade de cambio de tubaxes da calefacción polo deterioro co paso do tempo.

## 23. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO

OBXECTIVO XERAL: Que os alumnos/as saiban tomar unha actitude adecuada fronte a unha emerxencia no Centro, que preserve a súa integridade.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Pasos a seguir na evacuación do edificio.
- Aprender a evitar o fume en caso de incendio.
- Coñecer técnicas básicas para sufocar o lume: extintores, mantas, etc.

NO CASO DE INCENDIO SEGUIRANSE OS SEGUINTE PASOS:

- Por en funcionamento o timbre para que chegue a todas as persoas que se atopen no Centro.

Iniciar a evacuación do edificio:

- Pechar as portas das aulas.
- Controlar aos alumnos/as
- Colocación en fila.
- Evitar en todo momento o fume.
- Cortar a luz xeral do edificio, se fose posible.
- Tocar o timbre de alarma.

EVACUACIÓN:

- Baixada con rapidez, pero sen atropelos cada aula polo lugar sinalado.

- Establécese a entrada principal, xunto ao patio de infantil como punto de encontro. Cada aula terá colocarse na fila nese punto de encontro e o titor/a ou persoa a cargo nese momento revisará que todos os alumnos e alumnas se atopen na fila, para deste xeito facilitar o reconto de todos os grupos.

PREPARACIÓN DO ALUMNADO

Realizar simulacións ao longo do curso.

21.1 Outros aspectos de autoprotección do colexio:

- As Caixas de urxencias atópanse na Conserxería do Centro.
- Plan de Evacuación ante calquera emerxencia será similar ó exposto para o incendio.



- Non se poderá entrar no Colexio e andar polos espazos do mesmo sen a debida autorización durante o período lectivo.
- alumno/a só poderá abandonar o Centro en horario escolar co permiso do Director ou do seu Profesor/a Titor/a, sempre que se fagan cargo del os pais ou persoa debidamente autorizada.
- Ás saídas: o alumnado que non sexa recollido polas persoas autorizadas deberán permanecer dentro do colexio custodiado polo mestre responsable nese intre ou por calquer membro do equipo directivo, atendendo á Instrucción conxunta 9/2017 da secretaría xeral técnica de dirección de centros e de recursos humanos, establecendo o centro un tempo máximo de espera de 10 minutos. No caso de producirse o retraso 4 veces tomaranse as medidas recollidas na instrucción como son posta a disposición das autoridades ou aviso aos asistentes sociais do concello.

#### 24. LIBROS DE TEXTO E OUTROS MATERIAIS CURRICULARES CURSO 2019-2020

##### a) LIBROS DO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

Non empregará libros de texto para o vindeiro curso.

##### b) LIBROS PARA EDUCACIÓN PRIMARIA

✚ material de música facilitarase en setembro.

##### 1º Primaria

ÁREA	TÍTULO, ISBN	EDITORIAL
<i>LENGUA CASTELLANA</i> 1	<b>“PROYECTO ZOOM 1”( 1.1- 1.2- 1.3 + ACTIVIDADES BIENVENIDA).</b>  <b>ISBN. 9788468254708</b>	Vicens Vives
<i>LINGUA GALEGA/ CC. NATURAIS / CC. SOCIAIS</i>	<b>GLOBALIZADO ESTRELAMAR</b>  <b>ISBN. 9788499724140</b>	Santillana
LECTURAS	<b>“NUEVO CARACOLES”</b>  <b>ISBN. 9788468219431</b>	Vicens Vives

<i>MATEMÁTICAS</i>	<b>“PROYECTO ZOOM 1” (1.1-1.2-1.3+ ACTIVDAES BIENVENIDA)</b>  ISBN. 9788468254692	Vicens-Vives
<i>RELIGIÓN CATÓLICA</i>	<b>Religión Católica 1</b>  978-84-678-7604-8	Anaya
<i>INGLÉS</i>	<b>ROOFTOPS 1 AB PK</b>  9780194503112  (Material funxible)	Oxford

2º Primaria

ÁREA	TÍTULO, ISBN	EDITORIAL
<i>LENGUA CASTELLANA</i>	<b>“PROYECTO ZOOM 2”( 2.1- 2.2- 2.3 +</b>  ISBN. 9788468254852	Vicens-Vives
<i>LINGUAGALEGA/ CC. NATURAIS / CC. SOCIAIS</i>	<b>GLOBALIZADO ESTRELAMAR</b>  ISBN. 9788499729473	Santillana
<i>LECTURAS</i>	<b>ONDAS 2</b>  ISBN. 9788468227467	Vicens-Vives
<i>MATEMÁTICAS</i>	<b>“PROYECTO ZOOM 2” (2.1- 2.2- 2.3)</b>  ISBN. 9788468254869	Vicens-Vives

<i>RELIGIÓN CATÓLICA</i>	<b>Religión Católica 2</b>  978-84-678-7606-2	Anaya
<i>INGLÉS</i>	<b>ROOFTOPS 2 AB PK</b>  9780194503273  (Material funxible)	Oxford

3º Primaria

ÁREA	TÍTULO, ISBN	EDITORIAL
LINGUA	"SABER FACER ". 978-84-9972-249-8	Santillana
LENGUA CASTELLANA	"SABER HACER ". 978-84-680-1196-7	Santillana
MATEMÁTICAS	Aula activa 978-84-682-2050-5	Vicens-Vives
C. NATURAIS	Aula activa 9788468222035	Vicens-Vives
C. SOCIAIS	Aula activa 9788468222011	Vicens-Vives
VALORES	Valores Sociales y Cívicos 3. Con razón 9788467836400	Anaya

<b>RELIGIÓN CATÓLICA</b>	<b>Religión Católica 3 978-84-678-8393-0</b>	<b>Anaya</b>
<b>INGLÉS</b>	<b>ROOFTOPS 3 CB. 9780194503358.</b>	<b>OXFORD</b>
<b>INGLÉS</b>	<b>ROOFTOPS 3 AB. 9780194503365</b>	<b>OXFORD</b>

4º Primaria

<b>ÁREA</b>	<b>TÍTULO, ISBN</b>	<b>EDITORIAL</b>
<b>LINGUA</b>	<b>“SABER FACER “. 9788499726168</b>	<b>Santillana</b>
<b>LENGUA CASTELLANA</b>	<b>“SABER HACER “. 9788468029566</b>	<b>Santillana</b>
<b>MATEMÁTICAS</b>	<b>“AULA ACTIVA” 9788468228815</b>	<b>Vicens-Vives</b>
<b>C. NATURAIS</b>	<b>“AULA ACTIVA” 9788468228433</b>	<b>Vicens-Vives</b>

<b>C. SOCIAIS</b>	<b>“AULA ACTIVA” 9788468228983</b>	<b>Vicens-Vives</b>
<b>VALORES</b>	<b>Valores Sociales y Cívicos 4. Con razón 9788467878622</b>	<b>Anaya</b>
<b>RELIGIÓN CATÓLICA</b>	<b>Religión Católica 4 9788467883954</b>	<b>Anaya</b>
<b>INGLÉS</b>	<b>ROOFTOPS 4 CB. 9780194503518</b>	<b>OXFORD</b>
<b>INGLÉS</b>	<b>ROOFTOPS 4 AB. 9780194503525 (Material funxible)</b>	<b>OXFORD</b>

5ºPrimaria

<b>ÁREA</b>	<b>TÍTULO, ISBN</b>	<b>EDITORIAL</b>
<b>LINGUA GALEGA</b>	<b>“SABER FACER “. 978-84-9972-216-0</b>	<b>Santillana</b>
<b>LENGUA CASTELLANA</b>	<b>“SABER HACER “. 978-84-680-1057-1</b>	<b>Santillana</b>

<b>MATEMÁTICAS</b>	<b>“AULA ACTIVA”</b> <b>978-84-682-1469-6</b>	<b>Vicens-Vives</b>
<b>C. NATURAIS</b>	<b>“AULA ACTIVA”</b> <b>9788468223469</b>	<b>Vicens-Vives</b>
<b>C SOCIAIS</b>	<b>“AULA ACTIVA”</b> <b>9788468215433</b>	<b>Vicens-Vives</b>
<b>VALORES</b>	<b>Valores Sociales y Cívicos 5. Con razón</b> <b>9788467842265</b>	<b>Anaya</b>
<b>RELIGIÓN CATÓLICA</b>	<b>Religión Católica 5</b> <b>978-84-678-8402-9</b>	<b>Anaya</b>
<b>INGLÉS</b>	<b>“ROOFTOPS 5” CB.</b> <b>9780194503679</b>	<b>OXFORD</b>
<b>INGLÉS</b>	<b>“ROOFTOPS 5” AB.9780194503686</b>	<b>OXFORD</b>

6º Primaria

<b>ÁREA</b>	<b>TÍTULO, ISBN</b>	<b>EDITORIAL</b>
<b>LINGUA GALEGA</b>	<b>“SABER FACER “.</b> <b>9788499724973</b>	<b>Santillana</b>

<b>LENGUA CASTELLANA</b>	<b>"SABER HACER ". 9788468031712</b>	<b>Santillana</b>
<b>MATEMÁTICAS</b>	<b>"AULA ACTIVA" 9788468215549</b>	<b>Vicens-Vives</b>
<b>C.NATURAIS</b>	<b>"AULA ACTIVA" 9788468228471</b>	<b>Vicens-Vives</b>
<b>C. SOCIAIS</b>	<b>"AULA ACTIVA" 9788468228525</b>	<b>Vicens-Vives</b>
<b>VALORES</b>	<b>Valores Sociales y Cívicos 6. Con razón 9788467881561</b>	<b>Anaya</b>
<b>RELIGIÓN CATÓLICA</b>	<b>Religión Católica 6 9788467884043</b>	<b>Anaya</b>
<b>INGLÉS</b>	<b>ROOFTOPS 6 CB. 9780194503815</b>	<b>OXFORD</b>
<b>INGLÉS</b>	<b>ROOFTOPS 6 AB. 9780194503822</b>	<b>OXFORD</b>

	<b>(Material funxible)</b>	
--	----------------------------	--

## 25 .PLAN DE POTENCIACIÓN FAMILIA-ESCOLA

Ao longo deste curso continuaremos cos ENCONTROS FAMILIA-ESCOLA. Co fin de seguir o traballo comezado nos cursos anteriores.

Ao longo deste curso escolar procuraremos realizar as charlas-taller sobre temas que nos solicitaron as familias e que son do seu interese.

## 26.PLAN ANUAL DE TRANSPORTE ESCOLAR

As empresas de transporte seguen a ser as mesmas de cursos anteriores:

AUTOBUSES SANCHEZ S.L., de Padrón

AUTOBUSES BENITO ABALO S.L., de Caldas de Reis.

Están en funcionamento catro liñas. - A liña 1. Empresa Benito Abalo.

- As liñas 2, 3 e 4. Empresa Sánchez.

## 27.PLAN DE CONVIVENCIA

O plan debe ir encamiñado cara o desenvolvemento persoal e social e debe incidir en dous aspectos:

a) Aprender a ser persoa e a convivir:

Proxectos que incidan no desenvolvemento das competencias sociais.

O alumno aprenderá a respectar a diversidade, fomentar os seus valores persoais e respectar as normas mediante actividades en grupo, deportivas, poñendo en contacto coa diversidade...

b) Aprender a aprender:

Proxectos encamiñados ao desenvolvemento das competencias curriculares, fomentando o hábito de estudo e a motivación de xeito que incidan no seu rendemento escolar.

Aspectos necesarios nos que hai incidir:

Prevención:

Débase actuar en tres ámbitos:



1. Cos alumnos: formar ós alumnos/as en convivencia con iguais. Fomentar o traballo en equipo e axudar a elevar a autoestima que repercute no rendemento.

2. Coas familias: estas deben coñecer as normas de convivencia así como fomentalas e motivar os fillos/as a respectalas.

Estimular, orientar e fomentar os hábitos de traballo diario coa súa presenza diaria.

3. Co profesorado: os mestres/as deben poñer en práctica as liñas que marca o Plan e camiñar coordinados a nivel do desenvolvemento curricular e de comportamento do alumnado.

### 27.1. Obxectivos

1. Mellorar o clima da aula e do centro en xeral reducindo sancións

2. Acadar valores de respecto aos demais, ao entorno e a necesidade de establecer e respectar unhas normas que regulen a nosa convivencia.

3. Atender a competencia social para poder convivir de forma positiva.

- Que todos utilicen fórmulas sociais que axudan a ter unhas relacións máis amables: saudar, agradecer, desculparse, despedirse.
- Adquirir as competencias persoais (autoestima) e sociais (escoita activa, empatía) así como a autorregulación emocional e a resolución de conflitos mediante o razoamento.

4. Potenciar a cohesión de grupo e integración no grupo: normas de aula.

5. Fortalecer a titoría como eixo principal da orientación no centro.

6. Aprender de forma lúdica competencias básicas en interacción social.

7. Potenciar actitudes como:

- Ser consciente dos valores do entorno e comportarse en coherencia con eles cando afrontemos unha situación ou un conflito.
- Coñecerse, valorarse, saber comunicarse en diferentes contextos, expresar as propias ideas e escoitar as alleas, ser empático ...
- Valorar as diferenzas e recoñecer a igualdade de dereitos entre persoas
- Integrar coñecementos e habilidades complexas que permitan participar, tomar decisións, elixir como comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das eleccións e decisións tomadas.

7. Potenciar sentimentos e emocións:

- autoestima
  - empatía
  - escoita activa.
8. Proporcionar axudas para resolver conflitos: que son conflitos, estilos de relacionarse, cómo resolver os conflitos.
  9. Fomentar unha educación para a igualdade entre homes e mulleres, evitando comportamentos sexistas, intimidación ou violencia sexista.
  10. Formar a un alumnado que respecte os dereitos e deberes dos demais, así como o respecto a dignidade das persoas. En definitiva, un alumnado tolerante, que no discrimine.
  11. Promover a participación das familias, informándoas e asesorándoas para mellorar a estimulación dos seus fillos.

#### 27.2. Actuacións para a mellora da convivencia:

Para actuar fronte a problemas de convivencia teremos que abordar unha serie de aspectos a nivel centro sabemos que:

- ✚ Partimos de que cada alumno e alumna, mestre ou familia ten detrás unha historia persoal que descoñecemos e que para poder entendela primeiro temos que dicir sí a nosa historia persoal. Polo tanto ao centro chega moita información a xeito de cascada.
- ✚ Que a xestión axeitada das emocións é parte fundamental do proceso de convivencia.
- ✚ Que traballar o respecto as diferenzas é tamén moi importante.
- ✚ Que somos referentes de convivencia, como mestres, na escola.
- ✚ Que un traballo en equipo axuda a traballar aspectos da nosa forma de ser que non nos deixan progresar.
- ✚ Moitos dos problemas de aprendizaxe están detrás de condutas que para o alumno ou alumna son difíciles de controlar.
- ✚ Que unha sobreprotección excesiva impide que un neno ou nena se desenvolva correctamente de xeito autónomo.
- ✚ Que aprender a resolver conflitos de xeito pacífico é todo un proceso e precisamos de ferramentas.

Por iso ao longo deste curso académico traballaremos:

A nivel centro:

- ✚ Traballaremos as habilidades sociais concretamente o uso das boas formas: emprego de saúdos, por favor, grazas ...
- ✚ Trataremos de dar resposta ao alumnado que de forma reiterada presenta condutas disrutivas ou situacións que non facilitan a convivencia, tanto desde calquera membro do equipo directivo como desde o departamento de orientación.
- ✚ Continuaremos a traballar co programa de Educación Responsable para traballar as emocións na aula.
- ✚ Traballaremos coas familias para poder mellorar o clima escolar e favorecer as relacións entre familia e escola.
- ✚ Axudar ao alumnado a identificar a emoción e xestionala.
- ✚ Mediar nas situacións de conflito falando sempre os/as afectados/as desde a calma e desde o que senten sendo eles os que cheguen a un acordo satisfactorio para as partes para que a balanza se compense ou haxa compensación do dano. O papel do profesorado neste proceso é de mediador. Si o conflito non é resolto comunicarse ao titor ou algún membro do equipo directivo.

Aplicaranse as medidas correctoras establecidas no NOF, a partir de partes de incidencias, partes de apercibimento ante condutas reiteradas, sendo conscientes que deberá haber un traballo co alumnado e familia para minimizar as situacións de conflito.

A nivel de aula:

- ✚ Traballar coas emocións.
- ✚ Elaboración de normas consensuadas entre todos.
- ✚ Realizar tarefas que impliquen un traballo en grupo.
- ✚ Fomentar o respecto ás diferenzas.
- ✚ Traballar as boas formas dentro das habilidades sociais.

### 27.3. Actividades a desenvolver.

Para este curso o Centro ademais vai desenvolver:

-Plan de Drogodependencias .

- *Plan Director para a mellora da Convivencia da Seguridade nos Centros Educativos e nos súas contornas” Centrado no ámbito dos perigos no mal uso das novas tecnoloxías*

-*Programa de educación Responsable.*

*-Contrato-programa: mellora da convivencia escolar.*

*-Proxecta: Aliméntate ben.*

*-Club de letras(solicitado).*

*-Plan de igualdad.*

#### 27.4 Seguimento do plan de convivencia.

O seguimento e avaliación deste Plan será efectuado por:

*Comisión de Convivencia* reunirase cada trimestre durante o curso para facer un seguimento do mesmo e un pleno a final de curso para elaborar unha avaliación final, e como consecuencia propor as medidas e iniciativas necesarias para mellorar e impulsar a convivencia.

O Consello Escolar está encargado:

- Realizar anualmente o seguimento do Plan e das normas de convivencia do centro.
- Propor actuacións en relación coa convivencia para tódolos sectores da comunidade educativa.

O Claustro de Profesores

- Realizar propostas para a elaboración do plan e das normas de convivencia.
- Participar na avaliación anual da convivencia no centro.
- Propor actuación de carácter educativo, en especial na resolución pacífica de conflitos.

O Equipo Directivo

- Impulsar as actividades previstas no plan da convivencia, así como velar pola realización e o cumprimento das normas.

#### 28. CRITERIOS DE PROMOCIÓN ALUMNADO DE PRIMARIA

a) Promoción do alumnado:

Á hora de decidir sobre a promoción dun alumno ou alumna ao curso seguinte teremos que partir da lexislación vixente a tal efecto, así como dos criterios de promoción aprobados polo Claustro de profesores.

Tendo en conta o anteriormente citado os criterios para a promoción ou non promoción serán os seguintes:

1. Promocionarán ao seguinte nivel todos os alumnos e alumnas que acaden unha cualificación positiva en todas as áreas.
2. Promocionarán ao seguinte nivel todos os alumnos e alumnas que non acaden unha avaliación positiva en todas as áreas pero xa teñen unha repetición na etapa: imperativo legal.
3. Poderán promocionar aqueles alumnos e alumnas que non acaden unha avaliación positiva en dúas áreas sempre e cando só unha delas ou ningunha sexa Lingua Castelán, Lingua Galega ou Matemáticas.
4. Excepcionalmente poderán promocionar os que non acaden unha avaliación positiva en dúas áreas instrumentais. Neste caso correspóndelle á Comisión de Avaliación tomar a decisión tendo en conta:
  - Evolución do alumno ou alumna
  - Posibilidade de mellora no seguinte nivel.
  - Aproveitamento das medidas de atención a diversidade.
  - A conveniencia ou non de permanecer no mesmo nivel un ano máis pola súa S
  - Algún outro aspecto que a Comisión de Avaliación considere razoable e xustificado.
5. Non promocionarán cando o alumno ou alumna non acade avaliación positiva en tres áreas calquera que sexan.

b) Mención honorífica na Educación Primaria:

Segundo a ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 5 punto 4 establece que: “Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente” e no seu punto 5. Establece que: “A proposta de «Mención honorífica» farase constar na acta de avaliación”.

29. ACTIVIDADES DA ANPA

As actividades que presentaron foron as seguintes:

- ✚ Almorzos de luns a venres de 08:00h ás 09:45h.

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
Robótica.	Ciencia divertida.	Nenoos 360. Baile moderno.	Iudo.	Multideportes.

Intelixencia emocional.	Técnicas de apoio.	Acrogym.	Debuxo e pintura.	Talleres multidisciplinares.
Teatro.	Patinaxe.			Acrogym.
Informática.				

Para as actividades están solicitadas pola ANPA as seguintes instalacións: comedor pequeno, ximnasio e aseos exteriores. No resto dos casos a utilización das mesmas está recollido no Proxecto Educativo. Para as horas lectivas, establécense horarios para a utilización dos espazos comúns.

CEIP FLAVIA

2019-2020

IGUAIS NA DIFERENÇA



[PLAN DE IGUALDADE. CEIP FLAVIA: IGUAIS NA DIFERENÇA.]

## 0. INTRODUCCIÓN.

Educación na igualdade é básico para formar adultos máis xustos, respectuosos e comprometidos. O inicio das relacións comezan no fogar, coas relacións entre os membros das diferentes tipoloxías de modelos de familias, e é, onde se ven os modelos de relación. Por iso, é o primeiro lugar onde temos que iniciar o traballo de fomento das actitudes e comportamentos non machistas, discriminatorios e opresores, educando, as fillas e fillos desde que son pequenos, na igualdade e a tolerancia, xa que somos o primeiro modelo a seguir.

Os contidos aos que acceden: televisión, internet, xogos ... que caen nas súas mans, tamén precisan a supervisión dos adultos para previr condutas e actitudes discriminatorias e violentas, entre outras. Por iso, é importante ofrecer aos nenos e nenas opcións de lectura, xogos, experiencias ... que favorezan a diversidade, que eduquen na igualdade, que lles axuden a coñecerse e a traballar as súas emocións; e se todo isto, é acompañado polos adultos compartindo e dialogando, estaremos dando un gran paso cara a igualdade o respecto e a non discriminación.

É importante saber como sociedade, que tipo de sociedade queremos nun futuro para saber que pasos teremos que seguir e que responsabilidades nos tocan como familia, estado, administracións, medios, educadores ... para que o obxectivo que se pretende coa posta en marcha de estes plans non queden como meras utopías.

Non cabe dúbida que a educación é fundamental, e que a escola é un lugar a onde chega todo o que a sociedade amosa: costumes, prexuízos, estereotipos, valores ... Os centros educativos colaboramos na realización de plans, proxectos e o desenvolvemento de diversas actividades a través dos que traballamos esa transversalidade do curriculum e precisamos dunha continuidade fóra dos nosos espazos para lograr unha maior efectividade dos mesmos.

Por outra banda temos tamén que traballar o mundo relacional. Como nos relacionamos? Desde onde nos relacionamos? E, neste mundo relacional, aparece a parte afectiva a dos sentimentos a do coidado e a do benestar.


Como centro, como damos cabida a isto? Desde o Equipo Directivo :

- Con propostas de traballo a un profesorado comprometido co seu labor, que se forma para poder abordar estes temas e que cada vez é máis consciente da realidade que se presenta día a día.
- Co alumnado fomentando a inclusión, hábitos saudables e de benestar, favorecendo as boas relacións e traballando o diálogo como resolución pacífica de conflitos.
- Coas familias. Tendo en conta os seus intereses e apostando pola escola de familias.



- E formándonos para dar resposta as necesidades que se nos presentan.

No libro “Sentir y crecer. El crecimiento emocional en la infancia” o sociólogo Bauman(2003) establece que “o feito de vivir en comunidade ten un custo: a liberdade pero ganas en seguridade”.



No mesmo libro fala de que as persoas deben sentirse acollidas, queridas, deben sentir que pertencen ao grupo, que teñen un papel dentro do mesmo. Se as necesidades do contexto non encaixan coas individuais poden producir distorsións nas emocións. Polo tanto é importante:

1. Sentirse acollido polo grupo e establecer relacións co grupo e cos adultos. Sentirse querido e aceptado pola familia.
2. Comprensión: Non todos temos os mesmos gustos, preferencias...
3. Empatía: pórse no lugar da outra persoa.
4. Respeto: pois as necesidades do individuo non poden pisar os intereses ou dereitos do grupo e viceversa. Ten que existir unha relación de equilibrio.
5. Acollida: sentirse querido, ben tratado. De aí a importancia que teñen as acollidas do alumnado, familias e profesorado así como o proceso ou procesos de despedida.


Por que isto ten que ver coa igualdade? Porque a forma na que se establecen as relacións entre iguais determinan, a igualdade. “Eu non son máis que ti, ti non es máis que eu”

Outro aspecto que resaltamos é a importancia dos contextos afectivos, dos bos contextos. Para iso un bo autocoñecemento de si mesma e mesmo, o traballo polo coidado persoal, en todos os aspectos, para saber o que é coidar.

Como coido se non sei coidarme?

Outros factores que deberíamos ter en conta serían os diferentes **contextos**. Cada familia, cada persoa ten un contexto que a/o rodea, unha **historia familiar** e **persoal**, unha mochila que carga, ás veces con frustracións, culpa, negación, agresión, illamento... o traballo emocional nestes casos é de vital importancia porque as feridas emocionais que levamos ás veces non son fáciles de cicatrizar.

**A realidade**, posto que existen tantas realidades como persoas e cada persoa vive un acontecemento diferente doutra. A modo de exemplo sabemos que dunha mesma experiencia vivida cada unha das partes vívea de diferente xeito unha poder dicir que foi marabillosa e outra dicir que non pagou a pena.



## Figura 2. Fonte de elaboración propia.

Imos falar de dous conceptos importantes á hora de abordar este tema: Os estereotipos e os prexuizos.

No libro *Introdución á psicoloxía social* na súa páxina 418 explica “que os **estereotipos** poden expresarse como as crenzas culturais sobre as características dos membros dun grupo, ou como as opinións persoais sobre esas características” Así mesmo explica como estes estereotipos se aprenden se manteñen e se modifican mediante o proceso de socialización e que están en base a unha determinada categorización. Así realízanse categorías de persoas por idade, etnia, sexo, profesión... e iso fai que por exemplo a unha muller negra e médica se lle apliquen características distintas ás que se lle aplicaría a unha muller branca que tamén sexa médica. (*Psicoloxía social* páxina 422) Polo tanto estaríamos falando dunha serie de adxectivos que levan as veces de xeito inconsciente os habitantes dun lugar, profesións... así como os diferentes roles, trazos físicos...

Deux e Lewis (1984) investigaron os compoñentes que as persoas empregaban para diferenciar aos homes das mulleres comprobando que estes non están referidos unicamente a trazos, se non tamén a roles, ocupacións e características físicas. Os estereotipos de trazo fan referencia as características de personalidade que definen de xeito diferente a homes e mulleres. (páx. 440).

Outro termo sería os **prexuizos** varios son os autores que definen dito termo. Segundo Eagly e Diekman o prexuízo consiste basicamente nunha desvalorización dos membros dun grupo particular por membros equivalentes doutros grupos. Polo que é actitudinal (páxina 455) de aí que en moitas ocasións o intercambio de roles sexa tan difícil.

Cando falamos de prexuízo sexista aparece o termo de **sexismo** que é unha actitude baseada nunha crenza sobre unha suposta inferioridade das mulleres como grupo. Páxina (476-477)

### 1. MARCO LEGAL.

- **A Constitución Española (1978)** no seu artigo 14 establece: “Os españois son iguais ante a Lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha par razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social”
- **Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo**, para la igualdade efectiva de mulleres e homes.

## Acción administrativa para a igualdade

### Artigo 23. A educación para a igualdade de mulleres e homes.

O sistema educativo incluírá entre os seus fins a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes.

Así mesmo, o sistema educativo incluírá, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a igualdade efectiva entre mulleres e homes e o fomento da igualdade plena entre unhas e outros.

### Artigo 24. Integración do principio de igualdade na política de educación.

1. As Administracións educativas garantirán un igual dereito á educación de mulleres e homes a través da integración activa, nos obxectivos e nas actuacións educativas, do principio de igualdade de trato, evitando que, por comportamentos sexistas ou polos estereotipos sociais asociados, prodúzanse desigualdades entre mulleres e homes.

2. As Administracións educativas, no ámbito das súas respectivas competencias, desenvolverán, con tal finalidade, as seguintes actuacións:

a) A atención especial nos currículos e en todas as etapas educativas ao principio de igualdade entre mulleres e homes.

b) A eliminación e o rexeitamento dos comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial consideración a iso nos libros de texto e materiais educativos.

c) A integración do estudo e aplicación do principio de igualdade nos cursos e programas para a formación inicial e permanente do profesorado.

d) A promoción da presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de control e de goberno dos centros docentes.

e) A cooperación co resto das Administracións educativas para o desenvolvemento de proxectos e programas dirixidos a fomentar o coñecemento e a difusión, entre as persoas da comunidade educativa, dos principios de coeducación e de igualdade efectiva entre mulleres e homes.

f) O establecemento de medidas educativas destinadas ao recoñecemento e ensino do papel das mulleres na Historia.

- **Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro** modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Un. Modifícase a redacción dos parágrafos b), k) e l) e engádense novos parágrafos h bis) e q) ao artigo 1 nos seguintes termos:

« b) A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades que axuden a superar calquera discriminación e a accesibilidade universal á educación, e que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que se deriven de calquera tipo de discapacidade.

h bis) O recoñecemento do papel que corresponde aos pais, nais e titores legais como primeiros responsables da educación dos seus fillos.

k) A educación para a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, así como para a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e en especial no do acoso escolar.

l) O desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero.

q) A liberdade de ensino, que recoñeza o dereito dos pais, nais e titores legais a elixir o tipo de educación e o centro para os seus fillos, no marco dos principios constitucionais.»

- **Decreto Lexislativo 2/2015**, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

#### CAPÍTULO IV

A educación e a formación para a igualdade entre mulleres e homes.

##### Artigo 17.

1. A Xunta de Galicia adoptará, dentro das súas competencias, as medidas conducentes a proporcionar, tanto ás mulleres como aos homes, unha educación para a igualdade. Para estes efectos, o currículo regulador da práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo adaptarase ás seguintes especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación:

a) A comprensión do valor constitucional da igualdade entre ambos os sexos como obxectivo de especial atención, sen que, en ningún caso, admítanse contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación transmisores, directa ou indirectamente, dunha distribución

estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

b) O enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co adecuado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.

c) A adquisición, en alumnos e alumnas, dos coñecementos e actitudes necesarias que lles permitan, cando alcancen a madurez, atender ás súas propias necesidades domésticas e aos labores familiares compartidos, inclusive as cargas parentais e a atención de familiares que, por dependencia, necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres ou homes.

d) O fomento das vocacións femininas naquelas áreas en que se atopen infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas en que se atopen infrarrepresentados os homes, buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuízos. e) A garantía da coeducación na Comunidade Autónoma de Galicia dentro das súas competencias propias. 2. A Xunta de Galicia incluírá nos programas de formación do profesorado, como materia específica, a igualdade e a violencia de xénero

## 2. CONTEXTUALIZACIÓN

No CEIP Flavia a educación entendémola dunha maneira global como o desenvolvemento da personalidade humana, debendo ser a actividade escolar un medio para acadala. A liña educativa do Centro baséase no respecto aos dereitos individuais, na tolerancia e principios democráticos de convivencia, fomentando a solidariedade, a cooperación, a paz, o respecto polas persoas, pola natureza e polas cousas, así como o



a colaboración e as actitudes non discriminatorias e a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes así como a responsabilidade. Foméntase ademais a participación activa da Comunidade Escolar na Escola de pais e nais (Encontros)

Desde a etapa da que nos ocupamos Educación Infantil e Educación Primaria, diferentes programas forman parte do noso día a día: Educación Responsable, Viaxando polas emocións, obradoiros de educación afectivo-sexual e contratos-programa. A través do currículo integramos actividades en materias como música, arte, literatura e educación física. Polo tanto tentamos previr e dar resposta ao que no día a día acontece no centro fomentando relacións sans e favorecendo o benestar.

Realizamos formación do profesorado con grupos de traballo, seminarios, cursos... Contamos coas familias cos Encontros familia-escola dos que xa levamos tres cursos académicos onde realizamos obradoiros e charlas.

## 3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XENERO, COA VIOLENCIA DE XENERO E CO A LGBTI fobia.

- a. Estatística do número de mulleres e homes que temos no noso centro.

## Persoal Docente




■ Homes  
■ Mulleres

## Persoal non docente




■ Homes  
■ Mulleres

## Alumnado do centro



■ Homes  
■ Mulleres

b) Acci3ns encami3adas a previr (tendo en conta a idade do noso alumnado) situaci3ns de desigualdade, de violencia de x3nero e de LGBTI fobia. Estas son as seguintes



Todas estas acci3ns repercuten positivamente no 3mbito das relaci3ns entre iguais, entre o profesorado e as familias pois o n3mero de condutas contrarias a convivencia ou os conflitos que se dan entre iguais dimin3en así como tam3n aprenden a xestionar e resolver situaci3ns coti3ns. A mediaci3n real3zanas coa axuda dun adulto e desde a xefatura de estudos e departamento de orientaci3n proc3ranse soluci3ns ante os problemas que se poidan presentar, así, como a determinaci3n das posibles soluci3ns fomentando valores democr3ticos e de transversalidade.



#### 4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN IGUALDADE.

- Previr condutas de discriminación por razóns de sexo ou LGBTI fobia.
- Promover o respecto cara unha e un mesmo así como o coidado do corpo.
- Procura de ferramentas ante condutas que poidan ser violentas (agresións físicas ou verbais).
- Promover a igualdade a través de diversas actividades sobre a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Emprego de léxico non sexista.
- Procurar relacións afectivas sans.
- Previr e detectar condutas que poidan ser contrarias a igualdade ou violentas.
- Potenciar xogos cooperativos e xoguetes non sexistas.
- Implicación da comunidade educativa no desenvolvemento do proxecto.
- Fomentar a resolución dialogada e pacífica de conflitos.

#### 5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN

Nivel centro	Nivel de aula	Nivel de familias
<p>a) Formación do profesorado</p> <p>b) Posta en marcha dos diferentes programas e proxectos do centro: Educación Responsable, obradorios de Educación afectivo-sexual, contratos-programa.</p> <p>c) Emprego dos diferentes espazos do centro como a biblioteca escolar.</p> <p>d) Xogos e materiais que favorecen a inclusión de todo o alumnado que xuntos comparten á vez que aprenden e se divirten.</p> <p>e) Bibliografía para o profesorado e familias.</p>	<p>a) Promovendo metodoloxías activas e traballo dos temas transversais: Charlas do Plan director, actividades promovidas de diferentes organismos.</p> <p>b) Lecturas de libros e posta en común como: Nata y Chocolate, Nunca Seré, El hombrecito de papel, Nunca seré tu héroe, Un puñado de botones, El niño que no quería ser azul, la niña que no quería ser rosa: XXXVIII, "A favor de las niñas", una reflexión sobre coeducación e igualdade,</p> <p>entre outros.</p>	<p>a) Obradoiros e charlas de interese a través da Escola de familias e a colaboración da ANPA co fin de concienciar as familias da importancia deste tema.</p>

<p>f) Adecuación dos espazos do centro para favorecer a inclusión de todas e todos nos xogos como é o patio escolar con zoas naturais, patios con xogos diversos...para favorecer a inclusión.</p> <p>g)Incluír ferramentas de xestión emocional para a resolución pacífica de conflitos que se está a levar a cabo nas aulas e tamén desde a xefatura de estudos.</p> <p>h)Seguir formándonos como mestras e mestres neste ámbito, adquirir material bibliográfico e recursos para o seu desenvolvemento.</p>	<p>c)Empregar outras materias como o arte, música, educación física para o traballo de actividades de igualdade así como a realización de vídeos, exposicións ...</p> <p>d) Realización de diversas actividades desde a materia de atención educativa ou valores sociais e cívicos para fomentar a non discriminación e a igualdade entre mulleres e homes.</p> <p>e) Empregar as conmemoracións do calendario escolar para resaltar aspectos como a non violencia, día da muller ...</p> <p>f)Incorporar materiais e textos para as aulas para favorecer a inclusión.</p>	
--	--	--

### 5.1 Realizaranse actividades relacionadas co artigo 8. Da orden de calendario escolar.

- De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas
- 25 de novembro de 2019: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- 30 de xaneiro de 2020: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 8 de marzo de 2020: Día Internacional da Muller.
- 2 de maio de 2020: Día Internacional contra o Acoso Escolar.

### 5.2 Metodoloxía

- ✚ Enfoque é globalizado deseñando actividades prácticas, colaborativas, lúdicas, activas e sobre todo significativas, que xeren empatía e axuden a non xulgar e a apreciar as diferenzas, a favorecer a inclusión e a igualdade. As mestras e mestres do centro impulsarán estas actividades e serán facilitadores das aprendizaxes.



Exposición "MULLERES".

**Incluir tamén é dar cabida a temas** que nos preocupan a todos e todas como é a violencia de xénero, o papel da muller na sociedade, a sexualidade, as redes sociais e o consumo de drogas e alcohol foron temas que tamén precisan ser tratados no centro educativo e por todo o alumnado.



<https://www.youtube.com/watch?v=Hg35tYohCIs>

- ✚ Creación de novos espazos:

Espazos onde sentirse ben



Espazos onde incluímos a todas e todos



## 6. OUTRAS MEDIDAS DE CONCRECIÓN

- ✚ Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
- ✚ Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar.
- ✚ Difundir o plan entre a comunidade educativa.
- ✚ Emprego de linguaxe inclusiva e igualitaria.
- ✚ Revisión das programacións didácticas para incluír a perspectiva de xénero.
- ✚ Difusión de información a través dun taboleiro no centro.
- ✚ Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais e entidades colaboradoras.

## 7. ACTUACIÓNS DA COORDINADORA OU COORDINADOR DE IGUALDADE.

- ✓ Propostas de actividades para o profesorado.
- ✓ Cooperar na resolución de conflitos.
- ✓ Ofrecer recursos a toda a comunidade educativa.
- ✓ Informar a comunidade das actividades que se están realizando.
- ✓ Propoñer melloras do plan.

## 8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Ao remate de cada curso elaborárase unha pequena memoria para saber todo o que se estivo a facer onde se especificarán as dificultades coas que nos atopamos, os aspectos positivos ou conclusións logo de realizar as actividades e as posibles propostas de mellora. ANEXO I

<b>AVALIACIÓN DO PLAN DE IGUALDADE</b>	1	2	3	4
Leváronse a cabo os programas aprobados polo centro.				
Incrementábase o número de mestras e mestres que se forma neste ámbito.				
Divulgáronse as actuacións levadas a cabo para fomentar a igualdade entre mulleres e homes.				
Realizáronse actividades referentes as conmemoracións establecidas no calendario escolar sobre esta temática.				
Melloraron as relacións entre iguais				
As familias valoran positivamente este traballo.				
Ampliouse a oferta de materiais para poder abordar o tema.				
Empregáronse contidos de actualidade a través do programa prensa-escola no traballo de aula.				
Somos máis conscientes da necesidade de traballar a igualdade nos centros.				
<b>O ALUMNADO</b>				
Emprega ou sabe empregar a linguaxe coeducativa				
Respecta as diferenzas dos compañeiros/as				
Valora e participa nas actividades propostas.				
Discrimina entre imaxes sexistas e non sexistas.				
Dificultades coas que me atopei				
Conclusións das sesións de traballo				
Propostas de mellora				

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Constitución Española.
- Legislación vixente.
- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de educación. Lomce.
- Silvia Paulo Vicens. Sentir y crecer. El crecimiento emocional en la infancia. Editorial Grao.
- Varios. Introducción a la Psicología Social. UNED.2013. 2º Ed.
- Varios. Viaxando polas emocións.2019.
- Varios. Pedagogía Sistémica. León. 2016.
- <https://www.serpadres.es/3-6-anos/educacion-desarrollo/fotos/fotos-cuentos-infantiles-igualdad>

## 26.AVALIACIÓN DA PXA

A PXA será revisada trimestralmente.

Realizarase unha memoria final onde se recollerá a avaliación da mesma referente aos obxectivos propostos, as actividades desenvoltas e ao desenvolvemento xeral do curso 2019-2020.



Dona      do CEIP FLAVIA de Padrón

FAI CONSTAR:

Que a PXA foi presentada ao Claustro de Profesores en sesión ordinaria celebrada o 22 de outubro e avaliada polo Consello Escolar en sesión ordinaria celebrada o 22 de outubro de 2019.

E co fin de que tome coñecemento, e para os efectos que correspondan, asínase a presente certificación.

Padrón a 22 de outubro de 2019